

A informática que se usa

INEO PRESENTA UN MANUAL TIC PARA AS EMPRESAS

▶ MAPA REDEIRO DE GALICIA

As sombras que aínda fican por cubrir

▶ CRÓNICA DUNHA NOITE

Os enxeñeiros en Informática pechan fileiras

▶ A ESTRADA, EN ABERTO

Kutruparty bate *récords*



sociedadainformacion.eu
Estratexia galega da Sociedade da Información

A Sociedade da información

AO ALCANCE DA TÚA MAN

www.sociedadainformacion.eu



XUNTA DE GALICIA

Equipo

DIRECTOR_

Xosé Mª Fernández Pazos_ director@codigocero.com

SUBDIRECTORES

Carlos Ballesteros_ subdirector@codigocero.com

Marcus Fernández_ webmaster@codigocero.com

REDACTORES-XEFES_

Fernando Sarasquete_ redaccion@codigocero.com

Carlos Lozano_ cuetorubio@yahoo.es

FOTOGRAFÍA_

Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

REDACCIÓN_

Manolo Gago (Opinión)

Raquel Noya (Reportaxes)

Moncho Paz (Opinión)

Modesto Pena (Redes)

Sevi Martínez (Xogos)

Diego Rosales (Linux)

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA_

María Xesús Vázquez

DESEÑO GRÁFICO e maquetación_

Grupo Código Cero Comunicación

Raquel Noya_ publicidade@codigocero.com

Oscar Louzán_ publicidade@codigocero.com

IMPRIME_

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Tel.: 902 905 024 - torculo.com

EDITA_

Grupo Código Cero Comunicación S.L.

Conxo de Arriba nº 49, 1º C

15706 Santiago de Compostela

Tel.-fax: 981 530 268

<http://www.codigocero.com>

redaccion@codigocero.com

NÚMERO 76, Decembro 2009

Publicación periódica. Prezo 2€

Depósito Legal: C-2301/01

I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546

I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

Neste número...

Este Nadal que chama xa ás nosas portas será sen dúbida o máis salientable para o avance da Sociedade da Información. Isto, que en realidade non é dicir moita cousa (posto que calquera ano supera ao anterior en evolución das novas tecnoloxías), non ten porqué significar que teñamos que ir correndo cara ás tendas de informática ou de comunicacións e facernos -sen un estudo previo- co trebello que máis nos engaiole coas súas luces. A nosa mensaxe non é de pórle atrancos ao mercado (de feito animamos a renovar equipamento cando sexa preciso renovallo), pero si de recomendar o maior tino nas nosas incursións nas tendas, ás veces máis descontroladas có primeiro día de rebaixas nun gran centro comercial.

Se cadra a mellor vía para este Nadal sexa a do medio: atendendo á forma mercando o que haxa que mercar e emprestandolle tamén un pouco de atención ao contido que é o miolo da sociedade dixital na que estamos a vivir e sen o cal esta non pinta ren. Porque, de que vale ter unha cámara dixital ou un teléfono de última xeración se logo lle tiramos fotos a todo o que se move (ou non) ou enviamos mensaxes que sería mellor non ter enviado? Asemade, de que serve gastar en servizos e recursos para acceder á era

da Información (un dereito universal) se logo deixamos fóra a quen non conta cos datos, coa mobilidade ou coa visibilidade precisos para aproveitar eses servizos e recursos? Respostas a estas preguntas non hai moitas neste número da nosa revista, pero estamos seguros que os lectores saberán desculpar esta tentativa de chamada á reflexión para este Nadal que se achega.

O que si que temos nestas páxinas é unha máis que interesante escolma mensual das cuestións que máis nos importan en materia de redes. Falamos do éxito da Kutruparty celebrada na Estrada, dun proxecto para que as mulleres do rural fagan fronte común cara aos atrancos sociais e económicos que se lles poñen no camiño ou da presentación dunha iniciativa para pedir, a través do Camiño de Santiago, unha Rede máis igualitaria. Asemade, damos conta nas páxinas centrais dunha chea de novidades vinculadas ao noso audiovisual e, a partir da páxina 8, dos últimos proxectos nos que anda enredada a asociación empresarial Ineo, máis polo miúdo na presentación e distribución dun libro que debería poñernos as cousas ben doadas se por casualidade temos unha empresa e queremos tirarlle o máximo partido as TIC para que rinda máis e sexa competitiva.

SUMARIO 76

NOVAS

4 Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías

REPORTAXES

5 A Kutruparty (A Estrada) bate récord de asistencia

6 A Xunta achega o mapa de cobertura de rede de Galicia

7 Chega unha nova ferramenta de participación en liña para as mulleres do noso rural

12 Ourense conmemora a figura de Eduardo Blanco Amor cun certame de curtas feitas co móbil

13 O proxecto Urbe informa dos froitos acadados en materia de dixitalización histórica de Santiago

14 Madrid acolle a presentación do Camiño dos Satélites

21 O INEGA aposta polo biogás como recurso enerxético limpo e sostible

22 O certame de talentos novos Galiciencia fai entrega dos seus premios

24 Crónica da Noite da Enxeñaría en Informática



26 Xoán Miguel Barros, profesor de Saúde Pública da USC, fálanos dos xeitos de atallar a presenza de gas radon nos nosos fogares



27 Granxafamiliar.com pon en marcha unha ruta virtual pola nosa terra

ESPECIAL INEO

8 A asociación Ineo presenta un manual TIC para as empresas de tódolos sectores

10 Jorge Cebreiros, presidente de Ineo, avánzanos novidades sobre o programa da dita entidade en materia de promoción TIC

ESPECIAL AUDIOVISUAL

15 Damos conta das principais novidades en materia de produción e exportación do noso cinema

18 O Clúster Audiovisual Galego

informa dos seus máis recentes esforzos para poñer o noso cinema máis preto do mundo

20 A Academia Galega de Audiovisual fai repaso dos seus programas de promoción fílmica



LINUX EDUCATIVO

23 Tomámoslle o pulso á programación aberta galega

XOGOS

29 Repasamos o máis salientable da tempada no eido das videoconsolas



Mándanos as túas suxestións, opinións, páxinas recomendadas, blogs ou sitios persoais ao correo electrónico: paxinas@codigocero.com. As páxinas seleccionadas recibirán de balde a nosa revista en papel durante 6 meses.

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.



ADEGA lanza un caderno dixital para axudarnos a celebrar o Nadal máis verde posible

O Nadal vénenos enribe e ás veces do peor xeito posible: contradicindo o seu espírito. Dito doutra maneira, a festividade, xurdida en boa medida para o agasallo e o intercambio de bens (espirituais ou materiais), consolidouse xa como unha época para o consumo sen control, o estrago de recursos e aprovisionamento dos mesmos nunha única dirección: cara a un mesmo. Co obxectivo de fomentar un Nadal que non sexa sinónimo de tala de árbores, de con-

sumismo e de instalacións luminosas pouco acordes cos tempos que corren, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) vén de lanzar na Rede un caderno de recomendacións básicas para o eido dos fogares. O obxectivo da publicación (aquí, en pdf) é achegarles ás familias unha lectura reflexiva para estas datas, nas que o consumismo semella converterse na

motivación principal das celebracións e nas que esquecemos o prezo medio ambiental, económico e social que hai que pagar por mantelas no seu formato actual e imperante.

De feito, no referente ao gasto en recursos, semella que nestas datas, tal e como se están a concibir, non queda ren por dispartarse: aumenta o consumo en enerxía, en produción de refugallos e lixo ao mesmo ritmo que sube o nivel de estrés e desacougo. No devandito folleto infórmase de que facer para poñer freo (a un nivel doméstico) ao estrago inconsciente de bens: "O presente caderno recolle algúns aspectos das nosas campañas de concienciación cidadá e actualiza e incorpora novas temáticas e propostas; trátase dun formato semellante ao entregado aos Fogares Verdes no comezo do programa, daquela con información e consellos xerais de auga e enerxía", informa ADEGA.



Xa está en liña o dicionario galego das TIC



O Dicionario Galego das Tecnoloxías da Información, digatic, desenvolvido dende a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia co financiamento da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, xa está dispoñible a través da web, de xeito que facilita á comunidade tecnolóxica a consulta dun amplo léxico técnico en galego que facilite a utilización e a propagación da nosa lingua nese ámbito, aglutinando un traballo conxunto de tecnólogos das TIC, deseñadores de aplicacións, docentes, lexicógrafos... que dende novembro de 2008 colaboran na procura dun conxunto de termos de proveito para todas as áreas técnicas do coñecemento.

Esta versión dixital conta con 4.000 termos e vai presentarse oficialmente o vindeiro día 15 no Hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela.

A Coruña estrea un directorio en liña de espazos e eventos culturais xeolocalizados

A concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, presentou Espazo Cultural Coruña, un directorio participativo e geolocalizado de todos os espazos e eventos de índole cultural presentes na cidade, integrado na web acorunacultura.org. A información móstrase de dúas maneiras: como unha listaxe tradicional e impresa sobre un mapa dinámico. Os datos están categorizados en diversas temáticas que fan máis sinxela a procura e o filtrado da información nas listaxes e no mapa: arte e exposicións, cine, museos, música e danza, talleres e conferencias, patrimonio cultural e asociacións culturais son unha mostra das categorías presentes nesta web.

A primeira gran novidade deste directorio é a georeferenciación dos espazos e actividades culturais. Fronte a unha tradicional listaxe, esta característica achega moito máis que a simple localización do espazo ou evento nas rúas da cidade:

Dunha simple ollada, o mapa achega unha visión global do panorama cultural coruñés. Os cidadáns poden así acceder gran cantidade de recursos culturais que teñen na súa contorna, como se distribúen polos barrios da cidade ou que categoría de recursos está máis presente nunha zona concreta. Tamén, dunha ollada, podemos saber que pasará

na cidade na próxima semana ou nun día concreto.

Outra gran novidade é a participación. Sen ter coñecementos técnicos, en calquera momento e desde calquera lugar, calquera persoa responsable dunha organización de índole cultural da cidade poderá engadir ou manter actualizada a información deste directorio. A información pode estar ao día no mesmo momento grazas á colaboración da cidadanía e a Internet.

O Concello da Coruña organizará unha sesión formativa para todas as entidades culturais interesadas en utilizar este sistema para darse a coñecer e para informar sobre as súas actividades. Esta sesión terá lugar o vindeiro xoves 17 de decembro ás 19.00 horas no Quiosco Alfonso.





A Kutruparty bate récords



A xuntanza informática organizada pola AUSLAE reuniu na Estrada a 350 internautas

Redacción

A pasada ponte da Constitución foi unha boa oportunidade para o lecer da máis va-

cifra de 350 participantes, concorrencia que obrigou aos responsables da Kutruparty a pechar as súas inscricións tras o primeiro día de festa informática.

Polo que respecta aos obradoiros que achegou a party, dicir que houbo de todo e que na súa totalidade foron quen de obter un importante seguimento. Cómpre salientar as actividades desenvolvidas polo equipo HackConf (dirixido por Adrián Novegil), entre as que se incluíron rela-

tivos variados de tipo formativo encamiñados aos usuarios máis avanzados. Este do coñecemento de alto nivel foi o alicerce de practicamente toda a oferta divulgativa da xuntanza, moito máis profesional cás anteriores edicións e máis orientada ca nunca a aplicar no formativo as canles e os contidos propios do software libre. Así o definen os responsables da party: *"A nosa idea foi ofrecer un coñecemento moi avanzado e case profesional, de balde e baseado na filosofía do open source, polo que todo o mundo tivo dereito a asistir aos obradoiros e charlas, anotar información, melloralas ou amplialas con datos novos e logo redistribuila en calquera outro evento"*. Esta foi a base das actividades inseridas no HackConf: a de converterse en extrapolables cara a calquera outra xuntanza na que se desexa contar cos seus servizos.

No que atinxe a Gamer, infor-

mar que se levaron a cabo todas as competicións previstas (patrocinadas en boa medida polas empresas locais Moviestrada e Ricartel, pola firma catalá HardCore Gamer e pola compañía Steel) e que xuntas conseguiron atraer unha boa cantidade de usuarios procedentes de toda a nosa xeografía, constituíndo os gamers o 40% da cifra final de participantes e incluíndose neste grupo colectivos de xogadores como a Selección Galega de Call of Duty, o clan Dead or Alive, os condutores Wijes, o clan estradense Raxos e os mestres da alfombriña de baile DanceDanceRevolution (da propia localidade da Estrada).


Amais destes colectivos vinculados ao lecer dixital, acudiron á Kutruparty importantes grupos de usuarios avanzados como o DC-Team (agrupación especializada en montar un servizo para compartir arquivos en rede) ou os Arquivos da Meiga (que traballan na subtitulación de produtos audiovisuais en galego, sobre todo filmes Anime). Asemade, contou coa concorrencia na party de todos os Grupos de Usuarios de Linux de Galicia (GLUGs), que participaron nunha reunión de alcance profesional na que se trataron todo tipo de cuestións

vinculadas ao asociacionismo entre colectivos de programación aberta na nosa terra. Tamén acudiron á xuntanza estradense os organizadores da




LanParty de Tomiño, a ConectaTParty, que entraron como participantes no evento e que segundo contan os responsables da Kutruparty, conseguiron solucionar *"un pequeno problema de rede que traía de cabeza a tódolos presentes"*.

A organización da Kutruparty contou en labores de apoio e patrocinio coa Deputación de Pontevedra, da Xunta, de Ricartel, da organización da dita ConectaTParty, da Estrada Dixital, de Moviestrada, Ofitendas, HardCore Gamer, Steelseries e Thermaltake, entre outros.



ria- da índole, sobre todo –e dado que as condicións atmosféricas non deron moita tregua– para o vinculado co tecnolóxico e o dixital, que entre outras moitas cousas achega a vantaxe de ofrecer viaxes de todo tipo e coñecer xente das máis variadas procedencias e sen que sexan precisos grandes desprazamentos físicos. Estas foron as características da nova edición da Kutruparty (www.kutruparty.net), festa dos internautas da Estrada que este ano tivo a oportunidade de superarse a si mesma en participación e que finalmente acadou estes obxectivos. Así nolo conta a organización (Asociación de Usuarios de Software Libre da Estrada, AUSLAE), para quen o balance da xuntanza finalizada o pasado día 8 só pode ser cualificado de positivo, e máis se temos en conta que se superou a



A Rede, materia pendente

Un informe da Xunta revela a mala situación da banda ancha en Galicia

Redacción

Os esforzos dos sucesivos Gobernos galegos por estender a banda ancha por toda a Comunidade semella que aínda non deron o froito agardado, polo que o executivo terá que "pelexar" un pouco máis con todos cantos medios teña nas súas mans para cumprir os obxectivos previstos no relativo ao espallamento deste servizo.

Segundo afirma unha análise sobre a situación desta tecnoloxía no noso país elaborado pola propia Xunta e publicado pola edición impresa de La Voz, "a pesar do conxunto de actuacións nomeadas, a dispoñibilidade da banda ancha en Galicia dista moito de poder considerarse unha situación cando menos satisfactoria", e isto significa que o traballo que queda por diante é moito e minucioso.

O informe, que tamén recolle o Mapa actual de Telecomunicacións de Galicia, indica asemade que o fallo radicaría "na carencia dunha estratexia global en materia de desprexue de infraestruturas de telecomunicacións que canalizasen os importantes investimentos realizados nunha mesma dirección e que coordinase os esforzos dos diferentes axentes de cara a permitir unha verdadeira optimización dos recursos, tanto públicos como privados".

Establecido o diagnóstico e botados os balóns fora, este Mapa de Telecomunicacións deberá servir agora de alicerce para o desenvolvemento dun novo Plan Director de Banda Ancha en Galicia 2010-2013, que deberá levar as infraestruturas desta tecnoloxía a tódolos concellos nos que pensar en Internet é unha utopía.

E non son poucos, na actualidade, no noso país son máis de 153 os núcleos nos que, segundo indica o informe, a banda ancha brilla pola súa ausencia, o que traducido en porcentaxe significa que preto do cincuenta por cento dos concellos de toda Galicia non teñen acceso a Internet á devandita tecnoloxía, o cal é irrisorio en pleno século XXI.

Traducido a número de habitantes o dato aínda vai un pouco máis lonxe, xa que supón que, na actualidade, o noso país, onde de xeito paradoxal hai maior velocidade de banda ancha móbil de España xunto con Madrid e o País Vasco, habería máis de 700.000 galegos e galegas que non teñen posibilidade de acceso á banda ancha fixa, o que supón a cuarta parte de toda a poboación.


Pode dicirse, conclúe o informe, "que os

datos actuais seguen a situar a Galicia como unha das comunidades menos desenvolvidas en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións e, por tanto, en progreso na Sociedade da Información".


Neste senso, a Xunta definirá as prioridades de actuación marcadas polo estudo

previo no vindeiro mes de xaneiro, coa presentación do devandito Plan Director de Extensión de Banda Ancha en Galicia, onde tamén se recollerá o tipo de tecnoloxía que se implantará e as entidades públicas e empresas que levarán a cabo o servizo de maneira planificada.

Persoas demandantes de TDT non satisfeitas



Zonas Predominantes por Concellos



Fronte común na Internet contra o maltrato

As mulleres rurais galegas botan man da Rede 2.0 para loitar contra a violencia de xénero

F. Sarasqueta

Dende Vmodal (www.vmodal.com/blog), nova empresa tecnolóxica galega especializada en tirar partido das redes sociais para a innovación cidadá, informan da posta en marcha dunha iniciativa de apoio á muller galega que segue este mesmo vieiro do dixital. Máis polo miúdo, trátase dunha proposta que coincide coa celebración do *Día contra a violencia de xénero* (o pasado 25 de novembro) e que pretende facerse eco das moitas mobilizacións que as mulleres rurais galegas están a levar a cabo na Web 2.0 (a rede participativa) para pór de relevo cuestións como a necesidade de erradicar todos os azos culturais ou sociais que poidan ter as persoas que promoven a desigualdade ou defenden ou

infrinxen violencia. A idea vai alén de empregar a Rede para lanzar esta mensaxe: o que se quere é tirar partido das canles máis sociais da mesma, as redes 2.0 que, como altofalantes, máis alcance teñen.

Con este obxectivo púxose en marcha www.ruraislab.com, espazo virtual de encontro onde as asociacións de mulleres empregan os seus blogs para divulgar opinións sobre esta lacra e debater acerca dos métodos para poñerlle freo.

Segundo informa a empresa Vmodal, responsable da posta en marcha deste servizo, coincidindo co dito Día puído verse un resumo dos posts específicos dos distintos blogs para a xornada e, por outra banda, foron postas en marcha actividades de gran pegada como a gravación dun vídeo dixital coa cor-

poración municipal de Vilagarcía de Arousa e a elaboración dun manifesto.

Malia a súa relativamente breve traxectoria, RuraisLab.com, espazo social de innovación baseado nas demandas das mulleres galegas, foi recoñecido polos seus méritos o pasado 16 de outubro na segunda edición do Congreso de Espazos Sociais de Innovación de Málaga, sendo (informa a firma responsable) a única plataforma destas características procedente da nosa terra presente na Rede española, *"e o único dedicado á muller rural en todo o Estado"*, engaden.

Pódense ver algúns dos blogs individuais das mulleres rurais nas seguintes ligazóns:

- **Valdalourinha** (ruraislab.com/blogs/valdalourinha, Asociación de Mos)
- **Lolita Trigo** (ruraislab.com/blogs/lolitatrigo, Asociación de Vilanova de Arousa)
- **Sementeira** (ruraislab.com/blogs/sementeira, Asociación de Redondela)
- **Sardiñeira** (ruraislab.com/blogs/sardineira, Asociación de Vilagarcía)
- **Nogueira** (ruraislab.com/blogs/nogueira, Asociación de Meis)
- **Caselas** (ruraislab.com/blogs/caselas, Asociación de Caselas)
- **Tempo gañado** (ruraislab.com/blogs/tempoganado, Asociación de Salvaterra)
- **Ledicia** (ruraislab.com/blogs/ledicia, Asociación de Navia de Suarna)



Unha web en Ordes contra o maltrato

A Concellería de Servizos Sociais e Terceira Idade de Ordes estreou con motivo do Día contra a Violencia de Xénero unha nova loita contra a violencia contra a muller, unha páxina web (www.ordessen-violencia.org) que facilita a atención ás vítimas e permitirá unha maior coordinación entre os distintos equipos de apoio ás mulleres.

Con este espazo búscase garantir o anonimato das persoas interesadas en acceder a información sobre o tema, procurando así superar o atranco que supón a solicitude deste tipo de contidos en persoa.

A web recolle unha interesante selección de recursos sobre a violencia dende distintas perspectivas (muller, homes e menores), así coma información de actualidade, de xeito que o máis abraiante desta iniciativa é que naza dende o ámbito municipal.



O dixital, máis útil ca nunca

Ineo presentará o día 17 un libro para introducir ás empresas no uso das TIC

Se algo teñen as novas tecnoloxías no eido empresarial é a súa calidade de nexo de unión: comunican e, á vez, crean unha base comparada. Este alicerce común, por outra banda, ten poucas trazas de diminuír, xa que todo sector, por tradicional que sexa, precisa das novas canles da información para ter máis e mellor contacto con clientes e provedores e, sobre todo, para ser máis competitivo. Porén, queda traballo por facer e a dita plataforma común na nosa terra, con ser ampla, aínda ten piares por asentar. Este é o obxectivo do novo proxecto da asociación Ineo: acadar non só a presenza dos servizos dixitais en todos os nosos sectores senón que se lles tire o máximo partido. Dito doutro xeito, que a concorrencia das empresas na nova información non se limite a publicar unha conta de correo que logo non se usa. Co fin de que a mensaxe teña o maior calado, a iniciativa colle corpo de publicación tradicional cun título que fala por si só: Sistemas de Información; Ferramentas Prácticas para a Xestión.

W

A secretaria xeral de Modernización da Xunta de Galicia, Mar Pereira, asistirá ao acto de presentación do libro, o vindeiro día 17

O libro, informa Ineo, darase a coñecer o vindeiro 17 de de-

sembro a partir das 12.30 horas no Auditorio do Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.

Dase a casualidade de que o esforzo por conseguir a máxima cantidade de lectores non se limita ao feito de ter apostado por un manual práctico para acadar competitividade (e non puramente tecnolóxico), senón que tamén se pon de manifesto non convite aberto que a asociación lle lanza a tódolos sectores produtivos. "Xa que se trata dun libro de referencia en canto á aplicación das novas tecnoloxías do coñecemento

nas empresas", informa Ineo, "á presentación están convidadas non só as firmas do sector dixital senón tamén as compañías dos restantes sectores produtivos".

Volvendo á publicación en si mesma, dicir que se trata dun traballo que avalía cómo os sistemas e canles tecnolóxicas da información representan unha ferramenta básica para a mellora da competitividade e tamén un soporte fundamental para acadar máis eficacia e rendibilidade na xestión nas organizacións. Como dixemos, o traballo non aposta por adoptar puntos de vista estritamente técnicos que adianten acontecementos, senón que comeza pola base:

faise dende a perspectiva da aplicación dos sistemas e tecnoloxías ás organizacións.

Respecto á asistencia ao acto de presentación, dicir que se require confirmación e que esta deberá formalizarse antes do 15 de decembro a través do teléfono 902 905 510 ou ben mediante a conta de correo comunicación@ineo.org. Os asistentes ao acto terán á súa disposición un exemplar do libro.

Por certo que está previsto que na cita do 17 de decembro en Vigo faga acto de presenza a secretaria xeral de Modernización da Xunta de Galicia, Mar Pereira, quen terá ocasión de reunirse, previamente ao devandito acto, cos membros do Consello Consultivo de Ineo, unha xuntanza anual de carácter estratéxico na que se lle darán corpo ás liñas a seguir da asociación en materia de proxectos de colaboración e de competitividade.

Resumo da obra

A obra, desenvolvida por Álvaro Gómez e Carlos Suárez, ten un título que indica ás claras para que xorde e a quen se dirixe: Sistemas de Información; Ferramentas Prácticas para a Xestión. O libro (que se distribuirá entre os asistentes ao acto) avalía até que punto as compañías, sexan do sector que sexan, precisan das novas tecnoloxías do coñecemento, unha ferramenta fundamental para a competitividade e un

Sistemas de Información Herramientas Prácticas para la Xestión



3ª Edición ampliada



soporte básico para a xestión. A primeira edición da obra remóntase a cinco anos atrás, cando os responsables deste proxecto pensaron unicamente en directivos e xestores como público obxectivo. Pois ben, a Sociedade da Información finalmente impúxose como o que é, un espazo aberto á investigación, polo que se ampliou o punto de mira cara ao eido académico, incluíndose a obra "como texto de referencia en máis de universidades dos eidos americano e máis español", sinala Ineo.

O libro que se vai presentar o día 17 en Vigo é polo tanto unha renovación da obra dada a coñecer hai un lustro, concretamente a terceira edición do libro orixinal, adaptado agora ás constantes actualizacións que imprime a evolución da era do coñecemento e inclúin-



▲ Os autores do libro, Álvaro Gómez e Carlos Suárez

do capítulos totalmente novos e maior pulo nos aspectos organizativos fronte aos puramente tecnolóxicos. Asemade, o libro incorpora varios anexos con todo tipo de ferramentas prácticas (guías, enquisas) para afondar no proceso de adaptación das TIC á xestión corporativa e nos métodos para tirarlles partido.

Tal como dixemos, os autores do informe son Álvaro Gómez Vieites (doutor en Economía pola UNED e enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo) e Carlos Suárez Rey (doutor enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade Politécnica de Madrid e executive MBA e PAD pola Escola de Negocios Caixa-nova).

mas de nación tas prácticas a gestión



ada y actualizada

Álvaro GÓMEZ VIEITES
Carlos SUÁREZ REY

Next Vision, socia de Ineo, asesorará á USC en materia de seguridade TIC

NextVision Ibérica, empresa socia da plataforma Ineo e especializada en asesoramento avanzado en seguridade informática, vén de gañar o concurso convocado pola USC (Universidade de Santiago de Compostela) para a achega de servizos de consultoría e de auditoría no devandito eido da seguridade no coñecemento. A firma NextVision pasa a integrar polo tanto a listaxe de socios tecnolóxicos da USC, incluíndose neste programa de colaboración un intenso e activo traballo coa área de novas tecnoloxías poñendo en marcha tarefas de xestión

técnica de privacidade e control. Asemade, está previsto que a través desta cooperación se lle dea forma ao marco normativo en seguridade dos datos e o seu cumprimento legal. Os labores que emprestará a compañía teñen como finalidade mellorar a xestión da infraestrutura tecnolóxica da USC para acadar un meirande nivel de protección e fiabilidade nos sistemas informáticos e lograr tamén desta maneira unha optimización dos custes. Para levar a cabo os obxectivos, a firma apostará polas prácticas e estándares internacionais nos que se asenta a súa metodoloxía de traballo.



“Todos os sectores produtivos sen excepción precisan adaptarse aos cambios tecnolóxicos”

JORGE CEBREIROS

► **Falamos con Jorge Cebreiros, presidente da asociación empresarial Ineo**



▲ **Jorge Cebreiros, o presidente de Ineo**

O camiño emprendido pola asociación Ineo de levar as novas tecnoloxías aos sectores produtivos galegos non dixital é un camiño longo, colectivo e, sobre todo, con múltiples accesos e bifurcacións. En realidade, máis ca un camiño é unha rede, un tecido que non remata hoxe nin mañá e que cada moi pouco tempo se fai perfectamente visible. O día 17 deste mes de decembro teremos unha boa oportunidade de velo así no marco dunha xuntanza, a reunión anual do Consello Consultivo, que servirá para avaliar o que se andou e o que se andará en materia de extensión TIC no empresarial. Asemade, o evento dará acubillo á presentación dun libro que amosa as posibilidades competitivas das ferramentas do coñecemento. Pero deixemos que sexa Jorge Cebreiros, presidente de Ineo, quen nos fale de todo isto...

-O 17 de decembro prevese completiño para Ineo. Entre outras cousas, está programada en Vigo a reunión anual do Consello Consultivo, o que quere dicir que vai quedar ben clarificado o papel de Ineo para o vindeiro ano e, en boa medida, para os seguintes. Pódenos ir adiantando algunha destas estratexias a seguir?

-A reunión do Consello Consultivo de Ineo do vindeiro día 17 servirá para presentar os obxectivos estratéxicos a seguir pola asociación durante 2010 e con vistas aos próximos anos, pero tamén é o intre de facer repaso do ano que remata e ver en que medida se acadaron as metas que nos propuxemos con anterioridade. A cooperación co resto de sectores produtivos galegos era unha das liñas de actuación estratéxicas para este ano e, durante 2009 traballamos arreo co obxectivo de amosarlles ás empresas galegas como as TIC representan a chave para o aumento dos seus niveis de produtividade e competitividade. A Guía de Solucións TIC, que presentamos no mes de xuño, representa a materialización deste obxectivo. Pero ademais desenvolvemos proxectos específicos para a modernización e a incorporación das TIC por parte de empresas do téxtil, do produto gráfico ou da madeira, por exemplo. As actuacións nestes sectores deron ata agora resultados moi satisfactorios, pero o proceso de modernización é progresivo e seguiremos actuando nesta liña tamén durante o 2010.

Pero tamén son obxectivos prioritarios para o próximo ano a potenciación das actividades de innovación entre as nosas

empresas; fomentar a participación dos asociados en proxectos TIC estratéxicos; emprazar ós nosos socios como empresas de alta cualificación, dándolles visibilidade e mellorando a súa presenza nos mercados; atraer financiamento para o sector TIC galego; seguir representando os intereses das nosas empresas en foros a nivel nacional, ou continuar asesorando as políticas rexionais en materia TIC, entre outros. Imos traballar a diferentes niveis e pódolhe dicir que neste intre as expectativas son moi boas; temos previsto pór en marcha iniciativas nas que xa levamos tempo a traballar pero das que agora imos ver os resultados positivos. Proxectos sempre a favor do desenvolvemento do noso contorno socioeconómico como asociación TIC de referencia na nosa comunidade. É aí onde debe estar Ineo porque esa é a nosa misión, a nosa razón de ser.

-Sabemos que está previsto que acuda á reunión a secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira. Non sabemos a mensaxe que lle fará chegar á asociación, pero si podemos saber o que Ineo lle quere trasladar. En liñas xerais, cal vai ser a mensaxe?

-Como comentaba anteriormente, un dos principais obxectivos de Ineo é o de asesorar á Administración e orientar as políticas rexionais en materia de I+D+i e de fomento da Modernización Tecnolóxica. O Consello Consultivo da asociación é un órgano estratéxico neste senso porque nel están representados os distintos axentes sociais: confederacións de empresarios (CEG), colexios profesionais (COETG), entidades financeiras (CaixaNova e Banco Sabadell), universidades (Universidade de Vigo, Universidade de Santiago e Universidade da Coruña) e o Consorcio da Zona Franca de Vigo. De aí que convidáramos á reunión á máxima responsable do departamento da Administración con competencias en materia TIC, porque desta maneira poderemos trasladarlle as inquietudes das empresas do sector e propoñer actuacións de futuro contando cos diferentes puntos de vista que poden influír nas políticas da Administración. Será tamén o intre de facerlle chegar as inquietudes dos socios e amosarlle a que obxectivos están a dedicar esforzos as nosas empresas.

-Segundo puidemos saber, amais da xuntanza, tamén está proxectada para o vindeiro 17 de decembro a presentación dun libro de referencia en canto a aplicación das TIC na empresa. Pódenos adiantar algo máis sobre a publicación?


-Para facérmonos unha idea do que representa esta publicación, podo dicir que, nestes intres, o libro está a ser empregado como libro de referencia en máis de 50 universidades de España e Latino América nas materias de Sistemas de Información, en carreiras como Empresariais ou en Enxeñaría, sendo o texto nesta materia con meirande difusión en lingua española. Cando se fixo pública a primeira edición, hai xa cinco anos, pensouse nos directivos de empresas pero paseniño adquiriu enorme importancia tamén no eido académico. A presentación resulta de gran interese para os profesionais de calquera sector porque nela achégase máis polo miúdo a utilidade dos contidos. Ademais, entregaremos un exemplar a cada un dos asistentes.

-Pódese entender o libro que vai presentar Ineo como un manual de uso práctico para que calquera empresa, do sector que sexa, non se perda ao introducirse no dixital?

-Si. Podemos dicir que, de maneira moi xeral, neste libro amósaselles ás empresas, desde un punto de vista práctico, as ferramentas que teñen dispoñibles e de que maneira poden ofrecerlles unha solución tecnolóxica adaptada ás súas necesidades.

-Que sectores produtivos galegos considera vostede, a día de hoxe, que precisan máis que nunca do apoio das empresas TIC que Ineo e outras asociacións representan?

-Todos o sectores produtivos, sen excepción, necesitan adaptarse aos cambios tecnolóxicos e facer uso dos avances que xera o sector das Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), pola contra, non sobrevivirán e menos dentro do contexto dun mercado tan esixente como o que temos actualmente. Por iso sempre dicimos que actualmente as TIC volvéronse imprescindibles para calquera empresa e convertéronse nun sector económico específico, cunha achega estratéxica aos novos modelos económicos e de redes sociais e cunha particularidade: a do seu marcado carácter transversal.



Ourense revisita ao seu clásico

O 50 aniversario de *A Esmorga* celébrase cun certame de curtas feitas co móbil

Redacción

A *Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, é un libro para descubrir e, coma as obras de arte indiscutibles, para perdurar. O feito que teña tantas/os e tan fieis seareiras/os, malia que unha boa parte delas/os chegase á novela dun dos peores xeitos posibles (pola forza en institutos, facultades e eventos formativos varios), non fai máis que corroborar o que xa se sabía: que é unha obra viva. E tanto que é así: albiscándose ao lonxe a celebración do 50 aniversario da súa publicación xa hai quen quere ligar a obra aos máis innovadores métodos de creación e comunicación. Máis polo miúdo, a unha parte moi específica do libro: o emprazamento polo que se moven os seus personaxes. Este de potenciar unha obra xa clásica no máis moderno é o miolo do concurso A Esmorga-phone, que consiste en recoñecer as mellores curtametraxes gravadas dende o móbil sobre os escenarios que inmortalizou Blanco Amor.

O certame, organizado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, está integrado na programación de Intercultural e, como dixemos, insírese na conmemoración da saída do prelo de *A Esmorga*, feito que non só condicionará por forza a temática dos traballos que se presenten (malia a ampla marxe de liberdade creativa que se achega) senón o resultado vi-

sual dos mesmos, que terán que ter puntos de ligazón cos camiños andados polos personaxes do libro. Segundo informa a Vicerreitoría, a participación está aberta a calquera persoa, ben sexa de xeito individual ou colectivo e a duración máxima dos traballos é de dous minutos. A organización do concurso contará coa achega do xestor de actividades culturais Filemón Rivas, para quen está claro que a finalidade principal de mesturar unha obra literaria xa clásica coas máis novas tecnoloxías responde a un interese por fomentar o achegamento das novas xeracións á novela de Blanco Amor e, por extensión, ao noso rico e variado patrimonio literario. Asemade, o que se busca é implicar á comunidade estudantil nas accións de lecer extra académicas que se están a organizar no Campus.

Polo que respecta a prazos, bases e premios, dicir que as curtas deberán ser entregadas antes do 15 de decembro, podendo logo descargarse dende a páxina web do Campus: www.vicou.uvigo.es.

O xurado estará integrado polos organizadores directos e indirectos da Intercultural, que terán a opción de deixar o premio deserto sempre e cando as características das curtas achegas non cumpran os requirimentos esixidos. As bases do concurso establecen o único premio para o gañador, que consistirá nun teléfono móbil de última xeración.



▲ Escenario do Ourense vello, achegado ao Flickr por Jorge L. C.



O noso pasado, ao abrigadoiro

A dixitalización de documentos históricos de Santiago xa chegou a 63.000 escrituras notariais

Redacción

O Programa Urbe, do que falamos hai uns anos nesta mesma revista con motivo do asentamento dos seus alicerces (alá en 2007), vén de presentar froitos tecnolóxicos. Para situármolos trátase dunha iniciativa posta en marcha polo Consorcio e a Universidade de Santiago (USC) dirixida a botar man dos novos espazos dixitais (amplos de abondo, accesibles até que se amose o contrario e, nas condicións idóneas, ceibes dos diferentes estragos que lles afectan aos soportes do coñecemento tradicionais) para dar acubillo a todos os fondos documentais da cidade e crear unha ferramenta informática básica de consulta e documentación.

Pois ben, segundo informan

as entidades responsables do desenvolvemento, a día de hoxe xa hai máis de 63.000 escrituras notariais dixitalizadas, o que dá como resultado unhas 300.000 imaxes xeradas. Este inxente coñecemento xerado, lonxe de proceder da nada, extráese de dúas das bases de datos que máis e mellor dan conta da historia de Santiago de Compostela: o Arquivo Universitario e máis o Arquivo da Catedral.

A iniciativa, que asume deste xeito a súa recta final (o último ano de traballo dos catro estipulados), incluíu uns orzamentos anuais de 120.000 euros. Segundo contou hai unhas semanas o Consorcio, para o desenvolvemento do Programa creouse un equipo de traballo dirixido polo catedrático de historia medieval da USC, Fernando López Alsina,

e integrado por arquivistas e documentalistas.

Tamén coordinan o proxecto o canónigo arquivista da Catedral, o deán José María Díaz Fernández, a directora do Arquivo Histórico da USC, María José Justo, e o responsable de estudos históricos e publicacións do Consorcio de Santiago, Juan Conde.

O traballo, sinala a entidade compostelá, deu comezo coa busca e identificación dos documentos e catálogos máis salientables dende o punto de vista histórico da cidade, abordándose logo a organización dunha base de datos dixital dos documentos. A idea, con isto e con outras propostas que inclúe Urbe, é favorecer dous procesos teoricamente opostos pero na práctica máis que compatibles: pór a información creada ao alcance da

ciudadanía (a través da Rede) e, tamén, preservar para sempre os datos achegados polos devanditos fondos documentais.

Os documentos dixitalizados xa se poden consultar nas webs do Arquivo Universitario (www.usc/arquivo/) e do Arquivo da Catedral (www.catedraldesantiago.es).

Os datos creados ao abeiro do Programa Urbe, engade o Consorcio, pasarán tamén a formar parte do Sistema de Información Patrimonial, un sistema informático de xestión espacial da realidade urbana de Santiago. *“Do mesmo xeito, será unha ferramenta fundamental do futuro Museo das Peregrinacións e de Santiago, cuxa sede futura está a acondicionar o Consorcio de Santiago no edificio do antigo Banco de España”*, sinala.

O proceso de dixitalización

Segundo informa o Consorcio, a metodoloxía de traballo é moi rigorosa e abrangue unha serie de etapas. En primeiro lugar a análise física do protocolo, e, dependendo do seu estado de conservación, procederase á súa dixitalización e descrición. O seguinte paso é o coñecer se o protocolo presenta foliación, numeración ou se hai un índice no que se reflicte o contido das escrituras que conforman devandito protocolo. A continuación procederase á dixitalización do protocolo, respectando a orde natural.

Para a descrición utilízanse as chamadas normas ISAD (International Standard Archival Des-

cription). Para esta tarefa emprégase un sistema de xestión de arquivos que facilita a súa posterior búsqueda e consulta e permite o visionado en conxunto da descrición e as imaxes, así como as procuras simples e avanzadas, reprodución de orixinais, etc. A descrición das escrituras pon de relevancia o tipo de documento (venta, arrendamentos, testamentos, doazóns, etc.), os outorgantes (persoas físicas ou xurídicas, incluíndo os datos de veciñanza e oficio), os destinatarios, o número de folio e a data da produción da escritura. Unha vez rematada a descrición do protocolo, procédese ao seu volcado na web.



O Camiño de Santiago contra a fenda tecnolóxica

AGESTIC presentou en Madrid o seu proxecto de inclusión socio-dixital

Fernando Sarasqueta

O Xacobeo 2010, con tódalas lo-
uanzas e as críticas que se lle
poden facer, ten capacidade de
abondo como para ocupar unha
boa parte dos contidos dos me-
dios de comunicación. Tendo en conta isto,
a súa repercusión, é ben probable que ache-
gue as condicións necesarias para promover
cuestións de interese social. Así o entende
AGESTIC, a Asociación Galega de Empresas
de Tecnoloxías da Información, para quen
está claro que o Ano Santo que xa se albisca
ao lonxe reforza e promove calquera iniciati-
va que se leve a cabo a prol dos colectivos en
risco de exclusión social e dixital. Nesta liña
é onde se insire o programa O Camiño dos
Satélites, posto en marcha coa Fundación
Tecnoloxía Social e presentada hai uns días
en Madrid.

O proxecto, que foi avanzado o pasado
verán polo cantante invidente Serafín Zubiri
en Compostela, consiste en tirar proveito do
Camiño para poñer de relevo dúas materias
pendentes: a mellora da calidade de vida das
persoas con diversidade funcional e a exis-
tencia (aínda a estas alturas da Sociedade da
Información) dunha fenda dixital.

A natureza da iniciativa foi explicada con
todo detalle na capital de España polos

máximos representantes de AGESTIC e a
dita Fundación, José María López Bourio e
Enrique Varela Couceiro, respectivamente.
Xuntos, e en compañía do devandito Serafín
Zubiri (imaxe activa da campaña) e de José
Ramón Onega (director da Casa de Galicia
en Madrid), enumeraron todos e cada un dos
contidos e obxectivos da iniciativa *O Camiño
dos Satélites*:

- A iniciativa inclúe unha peregrinación com-
mandada por Serafín Zubiri dende Ronces-
valles até Santiago e na que participarán per-
soas con diversidade funcional e voluntarios
apoiados todos eles por diversos exemplos
de tecnoloxías da información.
- O seguimento farase por medio de GPS
e GPRS.

- A ruta será rexistrada para a elaboración
posterior dun documental.

- O itinerario virá acompañado da posta en
marcha dunha web con todo tipo de utilida-
des 2.0.

- Ao longo do Camiño levarase a cabo
unha serie de eventos tecnolóxicos.

- Efectuarase un diagnóstico de accesibili-
dade do Camiño.

- Tirarase partido das audio-guías e de re-
cursos tecnolóxicos como Kaptén, un dispo-
sitivo desenvolvido na súa orixe para o groso
da poboación pero que, de xeito paradoxal,
achega importantes vantaxes para o día a
día das persoas cegas. Este aparello, que
funciona con voz e do mesmo xeito (con voz)
lle responde ao usuario, ten amplas posibili-
dades de apoio e asistencia para as persoas
invidentes. No caso de Zubiri e o seu perco-
rrido levado a cabo até Santiago o pasado
verán, servíulle entre outras cousas para po-
ñelo ao tanto en todo intre da súa localiza-
ción ao longo do Camiño, das rutas a seguir,
das características desas rutas (se tiñan moi-
to tráfico, se viñan curvas ou costas abaixo)
dos puntos de interese turístico que estaba
a piques de visitar ou dos establecementos
máis idóneos para comer ou ben descansar.





Expresión transfronteiriza

Desenvólvese en Vigo o Foro CREATIVA organizado por AGADIC arredor da industria audiovisual, escénica e musical

Redacción

A industria cultural de Galicia e do Norte de Portugal dáse cita ata o vindeiro día 19 en Vigo con motivo da celebración de CREATIVA, un programa tranfronteirizo e interdisciplinar que se articula arredor de catro foros sectoriais (artes escénicas, música, audiovisual e produto gráfico), cun total de 16 mesas de debate, relatorios e reunións profesionais, ademais de ofrecer un cartel artístico con 13 espectáculos escénicos e musicais protagonizados por artistas galegos e portugueses. O encontro conta co apoio dos fondos FEDER da Unión Europea e coa Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Dirección Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués en labores de organización. A xuntanza desenvólvese en 10 espazos da cidade e a súa área de influencia. Por certo que está previsto que participen arredor de 80 expertos de ámbalas dúas beiras do río Miño nos catro foros de debate para analizar tanto a situación actual como as perspectivas de futuro nos seus diferentes ámbitos profesionais e dende as súas procedencias xeográficas.

Segundo adiantou o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, durante

a apertura do foro, este proxecto –inscrito no Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal– non vai ser unha iniciativa illada, senón que avanzará no tempo mediante a publicación dixital dunha guía de recursos culturais e dunha axenda de eventos culturais, aloxada no enderezo web www.creativacultural.com, así como dunha ampla serie de “*accións concretas nas poboacións asentadas a ambas beiras do Miño ata finais de 2010*”.

O primeiros dos foros, o dedicado ás artes escénicas, dará comezo o vindeiro martes día 15 cunha mesa redonda sobre os repertorios e a creación de públicos, á que seguirán outros tres debates sobre novas tendencias escénicas en Galicia (mércores 16), as linguaxes da danza (xoves 17) e o exercicio da profesión actoral na nosa Comunidade (venres día 18). As catro sesións desenvolveranse a partir das 18.00 horas na sede que comparten o IES Audiovisual e a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) en Bouzas.

A Illa de San Simón acollerá o Foro Industria Musical, o único de acceso exclusivo para profesionais, que se celebrará na mañá do día 16

e no que se analizará o papel dos festivais de música transfronteirizos como dinamizadores socioeconómicos, así como a distribución de artistas e a situación actual da industria fonográfica a ambos lados da fronteira.

Baixo o título Alfándega Audiovisual, o terceiro dos foros desenvolverase ao longo do día 17 no Centro Sociocultural Caixa Galicia de Vigo, ofrecendo cinco relatorios centrados nas orixes, organización e funcións dos festivais de cinema e de videocreación, tanto clásicos como emerxentes, para finalizar cunha escolma de pezas audiovi-

suais producidas en distintos centros formativos do Sur de Galicia.

Por último, o Foro Produto Gráfico: Retos para o Século XXI abordará o futuro das editoriais fronte ás novas tecnoloxías, o papel das empresas de comunicación na eurorrexión e a relevancia do deseño na impresión. As catro mesas de debate nas que se estruturará esta área temática terán lugar o 18 de decembro, en horario de mañá, no Centro Social Caixanova.

A programación e a guía de recursos están dispoñibles en: www.creativacultural.com.



Galiadixital chega a Vigo

Os vigueses poden gozar ata o 15 de decembro dos últimos avances tecnolóxicos que ofrece a mostra itinerante Galiadixital, organizada pola Secretaría Xeral de Medios en colaboración coa de Familia e Benestar. O secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, e a delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Lucía Molares, inauguraron recentemente a mostra no Centro Sociocomunitario do Calvario de Vigo que poderá visitarse de balde de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, excepto o domingo 13 que permanecerá pechada.

O secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, subliñou o interese do seu departamento en amosar ao galego e galegas de todas as idades o audiovisual e os traballos multimedia realizados por empresas e universidades

galegas. A exposición fomentará ademais a interrelación entre mozos e maiores con visitas programadas de colexios. O secretario xeral de Medios anunciou tamén durante a súa intervención que a partir de xaneiro Galiadixital percorrerá distintos hospitais gale-



gos. De feito, a exposición volverá a Vigo, ao Hospital Xeral-Cies, o 9 marzo. Pola súa banda, a delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Lucía Molares, agradeceulle á Secretaría Xeral de Medios a oportunidade de poder visitar a mostra no municipio.

A mostra estase a levar por vez primeira a residencias de maiores con grande éxito de acollida. Así, a exposición chega a Vigo dende Lugo, onde recibiu a visita de máis de mil trescentas persoas na Residencia de Maiores A Milagrosa.

Ao acto de inauguración asistiron, ademais dos usuarios do Centro Sociocomunitario de Vigo, representantes da Asociación Galega de Fibromialxia, da Asociación Parkinson Galicia, e da Asociación de Veciños de Coia, entre outros.

250 pezas presentadas a Curtas na Rede

Redacción

A cuarta edición de Curtas na Rede saldo-use cun gran éxito de participación, con case 250 pezas presentadas e con traballos procedentes de países como Portugal, Argentina, México, Chile ou Australia. A entrega de premios desenvolveuse a finais do pasado mes de outubro no Teatro Colón da Coruña, nun acto que contou coa presenza do secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, entre outros representantes das diferentes entidades e administracións implicadas na organización do certame. Curtas na Rede repartiu este ano máis de 30.000 euros, sen deixar de lado os seus obxectivos orixinais como son servir de escaparate á creación de fóra da industria. Así todas as persoas, de quince anos en adiante, interesadas no mundo da creación audiovisual e multimedia, teñen en Curtas na Rede un dos mellores espazos posibles para desenvolver a súa creatividade.



O certame divídese en tres seccións, e a modalidade estrela é a de curtametraxes, na que participaron 167 proxectos, o dobre que na edición anterior. As curtas debían ser inéditas e non podían exceder dos cinco minutos de duración, cinguíndose este ano a catro xéneros: ficción, experimental, documental e animación. As outras dúas seccións son as micromovies e as cápsulas.

O secretario Xeral de Política Lingüística foi o encargado de entregar o premio á mellor curtametraxe en galego a Xabier Marqués Solla por Freud&Company. O premio á mellor curtametraxe en castelán recaeu en Pedro Moreno por Señales.

Os premiados

O primeiro premio das curtas de ficción, xénero onde se concentraron a maioría das curtas, case 90, foi para Andrés Goteira por O Paquete. No xénero documental, o primeiro premio foi para Marcos Nine por Aarón. En experimental, os gañadores foron Juan Lesta e Belén Moreno por ANIM 01. Finalmente, na categoría de animación, a gañadora foi a galega María Becerra coa curta Lelo e as estacións.

Completan o concurso dúas categorías máis, a de micromovies e a de cápsulas. Dentro das cápsulas -pezas curtas cunha duración non superior aos tres minutos-, a premiada foi Jeriatric Park de Rafael Navarro; e a micromovie (traballos realizados coa cámara do teléfono móbil que non poden exceder os 30 segundos de duración), GPS de Marcos Fernández Vázquez.

Iria Pinheiro (Freud & Co) e Xabier Pan (Racord do carallo), recibiron o premio á mellor interpretación feminina e masculina, respectivamente. O premio para a mellor bitácora, outra das modalidades do concurso, foi para Toño Bouza por Disparo de Nieve, mentres que o de mellor guión recaeu en Flavio Pires por Naufragio; o galardón á mellor montaxe foi para a curta Agua de Galder Arriaga e mellor dirección para Toño Chouza por Ausencia de Cambio.

Finalmente, os premios outorgados polo público a través das votacións na páxina web do certame (www.curtasnarede.es) foron para a curta Amor rabiscos e outras coisas e a cápsula Beach Baby, ambas do portugués Hugo Ricardo Sousa Ferreira; e, na categoría de micromovie, Game Over, de Adán Pichardo.

Colaboradores

Para levar a cabo a edición deste ano contou-se coa colaboración de numerosas entidades como a Secretaría Xeral de Emigración, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, AGADIC, o programa Onda Curta da TVG, a Compañía R Cable e Telecomunicacións Galicia S.A, a Fundación Caixa Galicia, o Consejo de la Juventud de España, a Fundación da Juventude e o Eixo Atlántico.

Premian a Lelo e as estacións coma mellor animación preescolar

Os premios da segunda edición do Festival Internacional de Animación online, Animacam TV, recoñeceron como a Mellor Animación Preescolar a obra da coruñesa María Becerra Gestal, Lelo e as estacións, desenvolvida no proxecto final de Máster en Creación e Comunicación Dixital da Universidade da Coruña xunto con outros alumnos (Xana Morales e Xabi Juiz).

Ao certame concorreron 313 filmes de 61 países, e a obra de Gestal conseguiu facerse cun premio cunha dotación de 2.000 euros, que súmase ao anterior recoñecemento acadado no Máster do que naceu a peza, que xa acadara unha Mención de Excelencia.

O filme é un relato musicalizado e cantado no que narra na historia do burriño Lelo, que comeza a valorar o bo que ten cada unha das estacións do ano segundo van pasando. Destaca pola súa peculiar técnica de animación (está elaborado con personaxes de cartolina e fondos de cartón) que podemos ver na Rede grazas a Flocos TV.



Apuntalando un futuro para o noso cinema

Redacción

AGADIC outorga 200.000 euros en axudas ao audiovisual

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) aprobou recentemente a adxudicación de 200.000 euros para a produción de 14 curtametraxes e videoclips galegos. Xunto con esta resolución, tamén se fixo pública a concesión de 500.000 euros para desenvolver 22 proxectos audiovisuais e de 350.000 euros para 19 propostas de desenvolvemento ou produción de contidos interactivos en lingua galega, importes que en ambos casos distribuiranse en dúas anualidades.

Con esta segunda quenda de adxudicacións, completouse a distribución dun 91,3% do orzamento global destinado ás convocatorias de subvencións ao sector audiovisual galego en 2009 (6.300.000 euros dun total de 6.900.000). Cómpre lembrar que a primeiros de agosto xa foran publicadas as resolucións das modalidades con maior dotación económica: 4.850.000 euros destinados á produción e coprodución de 31 longametraxes e documentais en lingua galega ao longo de catro anualidades, e outros 400.000 euros dirixidos á promoción do talento audiovisual galego a través do apoio a 48 propostas de creación individual para a escrita de guións e para a realización de longametraxes e curtametraxes en soporte dixital, así como de curtas experimentais.

O IGAPE apoia o último proxecto de Dygra

O consello de dirección do Instituto Galego de Promoción Económica vén de aprobar, na súa última reunión a concesión de 6 operacións de préstamo por importe conxunto de 8.957.100 euros para apoiar investimentos empresariais cifrados en máis de 25 millóns de euros, entre os que destaca o proxecto de Dygra, que está a impulsar a realización da longametraxe Holy Night, unha comedia que contrapón a tradición europea do Nadal coa anglosaxona.

Trátase dun filme de animación

3D para proxección en salas 3D estereoscópicas ou convencionais que vai ser apoiado polo IGAPE cun préstamo de 3,1 millóns de euros.

E é que o proxecto merece todo canto se faga por el xa que coa súa cuarta película de animación, cuxa estrea está prevista para este Nadal, a produtora galega pretende estar á altura dos máis grandes de Hollywood, situándose á vangarda tecnolóxica do sector a carón de outros grupos como Dreamworks, Disney, Sony, Warner ou Fox.

O Consorcio Audiovisual de Galicia fomenta a vía da Rede

Alá polo ano 2004, o Consorcio Audiovisual de Galicia, convertíase na primeira entidade de todo o Estado en potenciar a promoción das nosas producións audiovisuais en Internet, a través dunha liña de axudas para os proxectos por importe total de 80.000 euros, fixándose unha cantidade máxima de 9.000 euros por proxecto.

Hoxe, esta iniciativa estase a converter nunha ferramenta salientable para a promoción, con máis de 50 producións beneficiadas nas anteriores convocatorias, entre as que destacan títulos como O ano da carracha de Filmanova, Donkey Xote de Filmax, Un franco, 14 pesetas de Adivina Producciones e De Profundis de Continental Producciones, que obtiveron un elevado número de visitas.



Estas axudas para a promoción de producións audiovisuais a través de Internet teñen como finalidade brindar apoio ás produtoras no proceso de creación de páxinas web, xa que un dos piares fundamentais do negocio cinematográfico baséase, segundo afirman, "na promoción, na visibilidade do produto e na creación de expectativas diferenciais". A Rede é, segundo indican dende esta entidade, "o único espazo no que é posible soste-la presenza en condicións de certa igualdade", posto que o sistema de acceso é barato, democrático e universal.

O desenvolvemento de páxinas web de producións convértese hoxe en día nunha das mellores ferramentas para a promoción audiovisual, xa que consegue que o público se sinta atraído dende o mesmo momento do inicio da produción creando un espectador activo que se converterá en consumidor do produto audiovisual.

A creación independente ten un novo apoio: o colectivo Película Invertida

O audiovisual galego conta dende este ano cun novo apoio para o fomento da creatividade sen atrancos, de natureza independente e, sobre todo, apoiándose nas novas ferramentas libres e accesibles ao servizo de tódolos procesos de desenvolvemento e distribución dunha obra. Estamos a falar da Asociación Cultural Audiovisual Película Invertida (ACAPI), que se presentou (logo duns meses amoreando forzas e botando raizames) este mes decembro co obxectivo de compoñer e abranguer unha ampla escolma de profesionais do sector, dende escritores e directores até cámaras, montadores, sonidistas ou eléctricos. A plataforma Película Invertida xorde polo tanto coma unha casa coas portas abertas: a idea ser un pouco como as comunidades internautas de programación aberta, pero aplicado á creación audiovisual. Máis polo miúdo, o que se pretende é achegar unha ferramenta produtiva e un punto

de encontro para as e os profesionais do sector na nosa terra.

Polo que respecta ao nome da asociación (Invertida), o motivo vén dado polo emprego dunha lóxica contraria ao pensamento imperante. Deste xeito, AAPI xorde para apoiar ideas até o seu desenvolvemento, sen que sexa preciso percorrer "o típico circuíto que rexe o funcionamento do eido audiovisual", subliñan os responsables.

Máis en www.peliculainvertida.com



Obradoiros de cinema para nenas e nenos

Vigo vai acoller ao longo destas vacacións de Nadal un programa de obradoiros de cinema para os máis pequenos. A iniciativa Nadal de Cine vén da man da Asociación Vigo Film Commission e levarase a cabo no IES Audiovisual de Vigo (Bouzas) entre o 23 de decembro e o 5 de xaneiro en sesión de mañá, de 9.00 a 13.30 horas. A proposta, que conta co apoio da Xunta, vai dirixida sobre todo ás cativas e cativos de entre 4 e 12 anos.

Por certo que o programa conta cun número limitado de prazas polo que aquelas persoas que estean interesadas en inscribirse aos seus fillos deben facelo antes do 15 de decembro a través da dirección de correo electrónico nadaldecine@vigofilmcommission.es indicando os datos do neno ou nena. O obxectivo básico é achegar a cultura audiovisual aos máis pequenos a través duns obradoiros de cine eminentemente prácticos.



O noso cinema vai de viaxe

Redacción



Unha trintena de empresas audiovisuais participaron en 2009 no plan de incursión en mercados internacionais do CLAG

Remata un ano especialmente intenso para o CLAG, en cuxo Plan de Actuación 2009 destacaron dúas liñas preferentes, as orientadas a favorecer a internacionalización do sector e a potenciar a I+D+i. Coa primeira destas liñas, o CLAG fixo posible que unha trintena de empresas galegas participasen este ano nos mercados internacionais máis prestixiosos, tanto de contidos como tecnolóxicos, como Marche du Film, MIPTV e MIPCOM en Cannes; The International Broadcasting Convention en Amsterdam; ou European Film Market de Berlin. Unha oportunidade excepcional para poñer ao alcance das compañías galegas as últimas tendencias do mercado, facilitar a prospección de novas relacións de negocio e incrementar as posibilidades para a produción e distribución dos produtos audiovisuais galegos en todo o mundo.

Pero, sobre todo, o plan de internacionalización do CLAG está a ser unha oportunidade estratéxica para levar a marca Galicia Audiovisual a estes circuitos e presentar, a través dela, o conxunto do sector como plataforma de servizos integrais para o audiovisual, capaz de dar resposta, desde a tecnoloxía e desde o talento creativo, a todo o proceso de produción audiovisual.

Se a resposta ao reto da internacionalización está a ser altamente positiva por parte das empresas, outro tanto sucede coa liña do CLAG para fomentar a cultura da innovación, tendo en conta que cada vez máis empresas valoran a necesidade de incorporar a innovación ás súas estratexias, na procura dun crecemento sostible e dun posicionamiento de mercado máis competitivo. Pero consciente de que a innovación non se improvisa, senón que debe sistematizarse, e para axudar ás compañías a aplicar nas súas estruturas ese proceso innovador sistematizado, o CLAG ven de publicar a Guía de Xestión da Innovación para o sector audiovisual de Galicia. A guía describe de forma didáctica os diversos pasos do proceso de innovación e da súa xestión, complementada con exemplos reais de boas prácticas desenvolvidas por empresas do sector audiovisual galego en diversos ámbitos da xestión da innovación. E amosa as experiencias das compañías



▲ O director xeral de Telecomunicacións, Bernardo Alonso, visita o stand do CLAG en Broadcast 09

galegas Bren, Fynet, LambdaStream, Loroestudio e Voz Audiovisual-Medios Digitales de Galicia, identificando boas prácticas na xestión da innovación dentro das organizacións.

O obxectivo da guía é fomentar na clase empresarial do audiovisual a cultura da innovación sistematizada, entendendo esta como un elo da cadea de negocio directamente ligado á estratexia da empresa e á súa competitividade futura, que responde a un proceso sistemático e intencional que debe ser xestionado activamente.

A edición desta guía complementa outras iniciativas do CLAG no eido da I+D+i, en moitos casos levadas a cabo a través da Plataforma Tecnolóxica Audiovisual i+dea -, como os Foros de Innovación Colaborativa, dedicados a identificar liñas de interese para as empresas cara a planificar proxectos mancomunados en diferentes ámbitos do negocio audiovisual, como o márketing e comercialización internacional, o ocio móbil ou novos contidos para Tv.

Actualmente están en desenvolvemento diversos proxectos innovadores impulsados polo CLAG e a Plataforma i+dea, acolidos a programas nacionais, como AVANZA, para o desenvolvemento da Sociedade da Información; ou autonómicos, como o INCITE, o Plan de I+D+i 2006-2010 da Consellería de Economía e Industria. Unha selección deses proxectos innovadores nos ámbitos da animación, os videoxogos, os mundos virtuais e a alta definición, foi presentada no mes de novembro no Foro Internacional de Contidos Digitales, FICOD, celebrado en Madrid. Trátase do

proxecto HDDH, unha plataforma de distribución de contidos en alta definición, desenvolvida por Adivina Producciones, en colaboración con LambdaStream, Blusens Technology e o CITIC da Universidade da Coruña. O proxecto Emotional Training, liña de videoxogos para Wii e outras plataformas, baseados na intelixencia emocional, producida por Continental Producciones. O proxecto Metavisual, plataforma formativa nos metaversos para o sector audiovisual, desenvolvida por Ilux Visual Technologies. O proxecto Noite ¿de paz? Holy night!, o primeiro filme galego de animación realizado con tecnoloxía 3D estereoscópica, producido por Dygra Films. E SCQ 2010. O Camiño, o primeiro metaverso cultural do Camiño e Santiago de Compostela no século XV, con finalidade pedagóxica, desenvolvido por un consorcio empresarial que lidera Ficción Producciones.

Sólido respaldo empresarial

Despois dunha traxectoria de seis anos, o CLAG está consolidado como o principal representante da industria audiovisual galega, tanto ante as administracións, como ante as entidades sectoriais e profesionais; unha representatividade que exerce non só en Galicia, senón no resto de España, dende onde é solicitada a súa colaboración á hora de crear entidades afíns noutras comunidades autónomas, interesadas na experiencia do CLAG para adoptar estruturas organizativas similares. Con este obxectivo, durante 2009 o CLAG colaborou, entre outros, cos profesionais de Canarias, Andalucía, Extremadura, Asturias e Baleares, durante o proceso de creación dos seus respectivos clústers.

Neste eido, tamén é salientable a posición de Galicia na creación do Foro de Clústers Audiovisuais de España, no ano 2007 en Santiago de Compostela, cuxa consolidación se confirma coa terceira edición que se celebrará o 18 de decembro en Valencia, coa presenza de Ignasi Guardans, director do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ICAA, no que representa un apoio explícito ao modelo clúster.

Detrás deste recoñecemento do labor do CLAG hai un sólido respaldo empresarial en constante progresión, sendo xa 56 o número de compañías asociadas, que en termos de facturación representan o 55% do sector en Galicia e en termos de emprego o 62%.



▲ Presentación de proxectos galegos en FICOD



Homenaxe ao cinema que sempre soñamos ter

A Academia Galega do Audiovisual conmemora Cinegalicia cunha escolma de testemuñas na súa web

Redacción

A Academia Galega do Audiovisual incorporouse os días pasados á celebración do vinte aniversario da celebración de Cinegalicia, un evento que a xuízo da institución marcou "un antes e un despois na historia do cinema galego". En homenaxe a todos os profesionais que apostaron pola consecución dun bo cine galego que, ademais de selo, fose comercial, a páxina web da AGA vén de publicar na súa portada unha escolma de preto dunha vintena de artigos coas achegas dalgúns dos académicos e profesionais que viviron en primeira persoa aquela mostra. A recompilación está accesible en www.academiagalegadoaudiovisual.com.

Cómpre lembrar que Cinegalicia, celebrada en Vigo do 23 ao 26 de novembro de 1989, constituíu un feito histórico no audiovisual galego, ao ser o escenario no que se estrearon as primeiras longametraxes galegas de ficción -*Continental*, de Xavier Villaverde; *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro; e *Urxa*, de Alfredo García Pinal e Carlos A. L. Piñeiro- dentro dun programa amplo de promoción da actividade cinematográfica do país, que incluíu táboas redondas, exposicións, retrospectivas e cine doutras autonomías. Cinegalicia contou cunha alta participación de representantes da industria do cine, da política, da cultura e da sociedade galega en xeral.

Segundo conta a Academia Galega do Audiovisual, a celebración de Cinegalicia foi en boa medida un esforzo frutífero, pero tamén evidenciou unha concentración de desexos e arelas que non sempre atoparon recompensa. E continúa: "*Os sentimentos de expectación e sorpresa prateira, de satisfacción á vez que certa frustración, de aventura e de esforzo recompensado mestúranse á hora de lembrar esta posta a proba do cine galego, tal e como queda reflectido nos artigos dispoñibles na web da Academia Galega do Audiovisual!*" Entre estes documentos atopamos achegas de Xosé Abad, Jorge Algora, Rosa Álvarez, Carlos Ares, Uxía Blanco, María Bouzas, Xosé Xoan Cabanas Cao, Pepe Coira, Antonio Durán Morris, Miguel Anxo Fernández, Alfredo G. Pinal, Miguel Insua, Elina Luaces, Mariluz Montes, Manuel Rivas, Anxo Santomil e Xavier Villaverde.



Vedra acollerá en febreiro unha mostra-obradoiro do máis avanzado do audiovisual galego



Ao longo do mes de febreiro de 2010 o concello de Vedra vai dar acubillo á terceira edición dun encontro dirixido a informar (e formar) das máis innovadoras ferramentas de creación cinematográfica en calquera formato e extensión. Polo tanto, as xornadas previstas xirarán

arredor dunha cantidade importante de achegas tecnolóxicas e dixitais para procesos do máis variado (rodaxe, montaxe, presentación, distribución, promoción, etc) e contarán coa participación de persoeiros vinculados a estes novos xeitos de crear. Exemplos disto (dos moitos que inclúe o programa) serán as achegas de Berto Yáñez, quen impartirá un obradoiro avanzado de codificación dixital (recursos para converter vídeos para a Web) e de Alberto Díaz e Jairo Iglesias, que afondarán nas calidades da cámara Red One 6408 de Pixel Films, traballo dixital responsable dunha boa parte da revolución cinematográfica (técnica e graficamente falando) dos nosos días.

Como dixemos, as xornadas celebraranse no mes de febreiro e contarán coa Asociación Senunepso Producións en labores de organización (www.senunepso.org). O nome oficial destes encontros é *III Xornadas de Formación e Mostra Audiovisual LAV010*.

A xuntanza propónse como o afianzamento do traballo desenvolvido nas dúas edicións previas e como unha aposta clara a prol de afondar no carácter formativo deste evento, promovendo na medida do posible a súa vertente de achegamento e pulo aos traballos audiovisuais galegos.

As xornadas constarán de dúas liñas de traballo ben diferenciadas pero complementarias entre si:

- Mostra de curtametraxes: Ofreceranse unha serie de traballos que os distintos realizadores de Galicia e doutras partes do Estado están a facer. Proxectaranse traballos realizados por algúns dos asistentes ás xornadas anteriores.
- Obradoiros de formación audiovisual: Unha oportunidade de formación en diferentes aspectos da realización audiovisual, pensados para todos aqueles que achéganse por primeira vez a este mundo.

Biogás, unha fonte de enerxía a rendibilizar

Eliseo Diéguez García

As plantas de xeración con biogás constitúen unha das alternativas máis efectivas para a valorización enerxética dos residuos orgánicos. O Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), dependente da Consellería de Economía e Industria, é sabedor deste potencial e por esta razón quere facer desta conxuntura unha oportunidade. Coa finalidade de tirarlle partido a este tipo de enerxía, o Instituto vén de amosar o seu apoio decidido ao fomento das fontes renovables e, concretamente, a potenciación da produción de biogás.

Así, no programa de axudas a enerxías renovables do INEGA para este ano 2009, activado cunha dotación de preto de 6 millóns de euros, inclúese unha liña específica para o desenvolvemento de proxectos de biogás cun orzamento de 1.225.000 euros. A través destas subvencións incéntase a posta en funcionamento de instalacións de biogás cunha potencia de ata 500 kW, para ás que o INEGA cobre ata o 15% do investimento, que pode chegar a acadar os 262.000 euros no caso de proxectos industriais de gran envergadura.

Proceso de obtención

O biogás fundaméntase nun proceso de descomposición en ausencia de osíxeno da materia orgánica mediante o que se obtén este produto, un gas formado principalmente por metano e dióxido de carbono, cun alto poder calorífico, e susceptible de ser aplicado en diversidade de usos enerxéticos. Os principais

substratos que se poden utilizar para a obtención do biogás son os residuos agrícolas e gandeiros, os cultivos enerxéticos, os residuos industriais orgánicos, as augas residuais urbanas e industriais, os lodos de depuradora, etc. Cada tipo de materia presenta diferentes potenciais de produción de biogás.

Esta tipoloxía de fonte renovable presenta múltiples utilidades enerxéticas que posibilitan a xeración de calor en caldeiras e de electricidade en motores ou turbinas, a súa utilización como combustible de automoción en vehículos adaptados especificamente ou a inxección como combustible na rede de gas, previo proceso de purificación, entre outros moitos usos.

Aplicación no sector agrogandeiro

No que atinxe ao sector agrogandeiro, unha das aplicacións

enerxéticas máis interesantes é a produción de electricidade e calor a partir dos residuos agrícolas e gandeiros, por canto supón poñer en valor as devanditas materias orgánicas e tamén pola súa transformación en produtos menos contaminantes.

Estas plantas específicas de biogás presentan unha alta eficiencia enerxética ao permitir coxenerar producindo simultaneamente calor e electricidade na mesma instalación, e podendo chegar a alcanzar rendementos globais do 70%, cun axeitado aproveitamento do calor dispoñible. Trátase dunha opción con moitas aplicacións, sobre todo, para abastecer as necesidades enerxéticas nas áreas rurais.

Pero como as ratios de produción de biogás a partir dos diferentes residuos gandeiros son baixos, en comparación con outros tipos de residuos orgánicos, cómpre ter claro que á hora de estudar a

viabilidade dunha planta de biogás é preciso realizar un estudo previo da densidade gandeira da zona onde se pretende emprazar a instalación para determinar a existencia de recursos suficientes, así como os custos de transportes asociados.

Neste senso a mestura de residuos gandeiros con outros de diferente natureza (agrarios, industria leiteira, conserveiras, etc.) eleva considerablemente a produción de biogás.

Desde o punto de vista medioambiental, evítanse as emisións contaminantes derivadas da xeración con fontes convencionais. Así estímase que coa posta en funcionamento dunha planta de 500 kW de potencia media evitaríanse, aproximadamente, a emisión de 2.000 toneladas anuais de CO₂ á atmosfera.

Do mesmo xeito, o biogás permite reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro derivadas da valorización enerxética da combustión de biogás, evitando e emisión directa e incontrolada ao medio do metano presente nos residuos gandeiros, co que se produce un efecto invernadoiro 20 veces superior ao CO₂.

Polo tanto a implantación de sistemas de produción de biogás colectivos en explotacións agrogandeiras constitúe unha ocasión, merecedora de ser explotada, para a posta en práctica de sistemas de xestión integral de residuos orgánicos máis eficientes por zonas xeográficas, polos múltiples beneficios sociais, económicos e ambientais que reportarán á nosa comunidade, Galicia, cun potencial alto de residuos agrogandeiros.



▲ Eliseo Diéguez, director do INEGA e autor deste texto

Fervidoiro de talentos

Entregados na Tecnópole os galardóns ás mellores innovacións da mocidade galega

Redacción

Finalmente a vocación investigadora deu os seus froitos e as rapazas e rapaces que amosaron ao longo dos pasados días os seus enxeños en Galicia conseguiron tres ou catro cousas ben salientables: chamar a atención de boa parte do noso tecido mediático, situarse no punto de mira dunha porción importante dos responsables da súa contratación futura, intercambiar información e recursos e, a maiores, obter o máximo recoñecemento dos visitantes á feira. Sobre este punto, houbo de todo: dende o máis informal (os moitos parabéns que se deron entre os stands da mostra organizada pola Tecnópole) até o máis oficial, entre o que se contan, precisamente, os Premios Galicia 2009. A este respecto, informa o parque empresarial ourensán, o xurado decidiu galardoar os seguintes enxeños:

- Un estudo sobre o iogur e o kéfir desenvolvido por estudantes vascos. A finalidade do mesmo era amosar até que punto son realmente beneficiosos os alimentos probióticos.

- Unha mochila ergonómica deseñada polos alumnos ouren-

sáns Álex García Tellado, Antonio Cañizo Outeiriño e Juan Mata Naranjo. Os estudantes, do Colexio Guillemme Brown, incluíron no enxeño uns contrapesos que distribúen o peso por todo o lombo.

- Unha análise científica dos diferentes tipos de areas dunha praia de Bueu, elaborado polas estudantes viguesas Laura López Goicoa e Covadonga López Pérez, do Colexio Alborada. O seu traballo consistiu nun estudo comparativo dos materiais do areal de Lagos, famoso por contar con tres áreas ben delimitadas polo diferentes tipos de grans.

A entrega de premios, que se celebrou a finais de novembro contando coa presenza do director xeral de I+D (Ricardo Capilla), puxo de manifesto o alto nivel de innovación despregado este ano e, a maiores, nas máis diversas materias: dende novas tecnoloxías da información (como a ferramenta Handtracking v2.0 dos estudantes do IES Rosalía de Castro de Santiago e da que falamos máis adiante) até alimentación, pasando por enxeñaría do automóbil e robótica.

Os galardóns achegados, para os que optaron os 104 participante-

res de Galicia (presentes no devandito acto), incluíron até tres categorías (1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato/FP) e foron seleccionados polo xurado entre os 15 proxectos da provincia de Pontevedra, os 15 de Ourense, os 9 da Coruña, os 4 de Lugo, os 6 de Barcelona e un de Guipúzcoa.

Por certo que entre os enxeños achegados (que se poden visitar xa en flickr.com, máis polo miúdo no caderno da Tecnópole) que non tiveron premio oficial podemos atopar auténticas aplicacións tecnolóxicas ao servizo da utilidade, a seguridade, a limpeza ou a mellora da comunicación. A continuación damos conta duns exemplos:

- O devandito conxunto de sensores para operar de xeito coordinado e permitir o manexo de todo tipo de ferramentas informáticas a través dos movementos do corpo. A ferramenta, o Handtracking v2.0, veu da man de dous equipos do IES Rosalía de Castro de Santiago, ao igual que o sistema operativo para computadores que deixa marxe para que o usemos sen que sexa preciso unha instalación previa.

- Un protector para xeados

que evita que nos manchemos, presentado por alumnas da localidade ourensá de San Cristovo de Cea.

- Un modelo de roda para automóbil con dobre cámara e reflectantes que estudantes do IES Xoán Montes de Lugo deseñaron para circular máis seguros en llado.

- Un enxizador para tacos de billar que conta cun motor con redución de velocidade, ademais cun caxetín para recoller o po que se desprende, deseñado por un alumno do IES Val do Tea, de Ponteareas (Pontevedra).

- Unha achega para o adestramento de pequenos robots para que practiquen diferentes deportes, bailen ou mesmo sexan quen de moverse e saír dun labirinto. Esta innovación veu da man de estudantes de Nigrán.

- No eido do aproveitamento de enerxías limpas e renovables cómpre salientar unha instalación termo+fotovoltaica de alumnos do CPR Divino Maestro de Ourense; un novo motor eléctrico con maior rendemento desenvolvido por estudantes barceloneses; ou un panel solar con células orientadas ideado por rapaces lucenses.



▲ Os premiados no certame



▲ Os participantes desta edición, ao completo



Aqueles maravillosos anos

Nova distribución do proxecto galego Trisquel froito do seu acordo con Sugar Labs



Diego Rosales

1.- Think different

Para aqueles que non saiban a que fai referencia o título di-reilles que sinala o pasado, o meu pasado. O día de onte é a pantasma que, coma o prefacio de Oscar Wild en O retrato de Dorian Gray, é Calibán que ten medo de verse no espello. Ao

confianza.

O certo é que traballar en Apple é un verdadeiro bautismo de lume creativo. Nos CD-ROMs do proxecto divulgábanse os traballos dos demais centros nunha arela cooperativa; pero, máis importante, transmitían sutilmente a filosofía da empresa: pensa diferente. Anímate a cambiar. Aínda vexo o vídeo e sinto calafríos. Cómpre ver o mundo cos ollos dun neno.

Tamén por aquel tempo –non coincidente, pero case- tiven a sorte de entrar en contacto coa xente de Lotus (a empresa de software... quen dedicado a este mundo non coñece a mítica Lotus 1-2-3?), mentres cursaba un MBA. Do trato con Lotus

cliente de correo electrónico e que “Outlook facía o mesmo”. Sen comentarios.

Esas dúas ensinanzas, pensa diferente e traballa en equipo, son un verdadeiro ideario educativo. Tiven a fortuna de aprendelas en vivo de persoas que estaban enchoupadadas delas. Creo que aprendín a lección e, dende entón, forma a miña parte de entender o traballo e, a maiores, a vida. Recómendoo, pois pagan a pena.

2.- Pocoyó

As persoas que traballamos en Linux adoitamos a empregar distintos escritorios gráficos como Gnome, Kde, Xfce, etc. Algúns usan escritorios minoritarios como Windowmaker ou Blackbox. O caso é que cunha breve marxe todos nos debatemos sobre unhas poucas opcións. Cando xorde unha opción nova nos dekstops semella un pouco de aire fresco. E isto é o que aconteceu coa nova distribución do

mi - nimalista. Ao arrincar vémonos representados por un monicreque que só vai mudando nas cores. Ao despegar a distro todo aboia nun etéreo branco –igual cós fondos inexistentes da famosa serie de debuxos Pocoyó. As aplicacións aparecen nunha roda extensible que evita que os nenos, o seu público obxectivo, se perdan nos detalles. Visualmente atractiva, poderosa graficamente.

Pero o escritorio de Sugar Labs ten un as debaixo da manga. Como bo tafur. Os usuarios conectados poden compartir as aplicacións. Isto é, varios usuarios poden compartir unha aplicación arrincada en local. Verdadeiro traballo en grupo. Non só pode arrincar dunha chave USB e é lixeira senón que ten potencia de abondo como para converterse na nosa distro de uso “normal”.


Diferente e colaboradora. Think different ... Working together... É coma se a pantasma do pasado tivese aparecido para manifestarse de xeito profético. É unha distro na que se engaden as propiedades do traballo feito no proxecto Grimm e a filosofía base de Lotus. Benvinda pola súa orixinalidade e a súa innovación. Desexámoslle un longo desenvolvemento –en Sugar traballan máis de cen persoas- e un uso fecundo nos centros educativos da nosa terra, Galicia.

final da década dos anos 90 do século anterior tiven a fortuna de colaborar con Apple Computer no seu Proxecto Grimm. Era os comezos de Internet e Apple fixera unha aposta arri-scada e poderosa pola creación de contidos. Estes contidos que debían correr no Mac OS, pero axiña foron sometidos a un proceso de democratización e pasaron a Internet. Desá época foi o personaxe de Cancodru-lo, desenvolvido en TCL/TK e os meus inicios como programador multimedia en Allegiant Supercard. Tempos. Nunca lle agradeceréi o suficiente a Nacho Niharra, entón director de Apple España, o seu apoio e

e do emprego do seu programa estrela Lotus Notes aprendín a potencia do traballo en grupo. Non era a miña primeira experiencia con redes posto que xa tiña saboreado o groupware con Novell. Pero aquilo non era un traballo en rede senón un traballo en equipo. Entón o lema da compañía era “working together”, traballar xuntos. Algúns dos meus alumnos pensaban entón que Notes era un

proxecto Trisquel, froito do seu acordo con Sugar Labs.

Trátase dunha distribución



Crónica dunha celebración TIC

CPEIG reuniu a 170 persoas en Santiago para celebrar a súa Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

Máis información en www.cpeig.org

Redacción

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) reuniu un total de 170 persoas no Hostal dos Reis Católicos o pasado venres 13 de novembro, para celebrar a primeira edición da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. Colexiados, autoridades da Administración autonómica, municipal e do eido universitario, así como empresarios deronse cita nun acto "lúdico pero tamén de reafirmación da nosa profesión", segundo salientou o propio presidente do colexio, Fernando Suárez Lorenzo, quen avogou por un maior recoñecemento da Enxeñaría en Informática.

O acto comezou cun cóctel de benvida, tras o que se celebrou unha cea de gala, amenizada polo *showman* Paco Lodeiro. Entre os asistentes atopábanse o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez (que foi un dos galardoados na gala pola súa contribución ao regulamento dos estudos e a profesión da dita enxeñaría), xunto aos ex presidentes da Asociación de Enxeñeiros en Informática de Galicia, Javier Rodeiro, Gabriel Ferreiro e Jesús Rodríguez. Tamén estiveron presentes o reitor da USC, Senén Barro Ameneiro; o seu homólogo da Coruña, José María Barja Pérez, e a secretaria xeral

de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira.

Recibiron o recoñecemento de *Colexiados de Honra* Jesús Vázquez Abad, Gabriel Ferreiro Pena, Jesús Rodríguez Castro e Javier Rodeiro Iglesias, mentres que Javier García Tobío recibiu o premio á *Traxectoria Profesional*. García Tobío, director do Centro de Supercomputación de Galicia, foi obxecto do dito galardón por ter impulsado ao CESGA, baixo o seu liderado, "como motor de innovación en Galicia acadando numerosos premios internacionais e establecendo relacións de traballo e alianzas de investigación cos principais centros da súa área en Europa". O CESGA traballa e coopera a día de hoxe nas principais ciberinfraestruturas europeas, aportando tecnoloxías clave á maior rede de cálculo distribuído do mundo; e aloxa o supercomputador Finis Terrae, un dos máis potentes de Europa.

Por certo que non só houbo persoeiros con nome propio recoñecidos na Noite polo seu esforzo a prol do fomento das novas tecnoloxías da información na nosa terra, senón tamén iniciativas concretas. Foi o caso do Servizo Galego Saúde e máis concretamente do seu novo modelo de receita electrónica, que foi premiada por ter acadado unha serie de froitos na

mellora da comunicación entre o persoal sanitario do Servizo, os farmacéuticos e os pacientes. A iniciativa, representada na Noite polo subdirector xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información do SERGAS, Benigno Rosón (quen recolleu o galardón ao *Proxecto Innovador* de mans de Mar Pereira), consiste en integrar na mesma rede sanitaria aos ditos profesionais, que coa nova receita poden acceder a un sistema que dá acubillo a tódolos datos para os actos de prescrición, homologación e dispensación. Este novo modelo, informaron os responsables do mesmo, posibilita a achega de receitas e medicinas a distancia, mediante as redes, sen que sexa preciso que o cidadán vaia cos papeis dispensados polo seu médico ás farmacias. Con isto, redúcese o número de visitas que os pacientes deben efectuar para renovar receitas e homologalas.

Desde o inicio deste sistema dispensáronse, xa, máis de cinco millóns de receitas electrónicas e, actualmente, se dispensan ao día máis de 50.000 medicamentos sen necesidade de que o paciente leve a receita tradicional ás farmacias galegas. Así mesmo, xa son máis de 700 as farmacias participantes no proxecto, dun total de 1270.

O número de cidadáns que



▲ Primeira Edición da Noite da Enxeñaría



se están a beneficiar do sistema son preto de 900.000, distribuídos en 128 centros de saúde de toda a Comunidade.

Ao longo da Noite tamén interveu, entre outros, o conselleiro de Educación (lembramos, un dos galardoados), quen agradeceu deste xeito o recoñecemento obtido: *"Síntome –dixo- moi alagado por que vós como representantes dos informáticos galegos fagades este recoñecemento, cando eu non fixen outra cousa máis que o meu traballo pensando no que era mellor tanto para os Informáticos como para os axentes educativos en Galicia. Penso que fixen o que me correspondía e o que era o meu deber en prol do traballo deste colectivo, que non tiña suficientemente recoñecida a súa achega dentro da Europa do coñecemento"*.

Patrocinadores da Noite

Como patrocinadores de ouro do evento, o CPEIG contou co apoio de Bahía Software, a Xunta de Galicia e HP; como patrocinadores de prata, Telefónica, o Concello de Santiago e Plexus; e, finalmente, como patrocinadores de bronce, o colexio contou coa colaboración de Agestic, Balidea, Coremain, Ednon, La Caixa e Tecnomcom.



O Colexio organizou unha xornada sobre riscos das redes sociais para a mocidade

A Rede é un espello ben comunicado de nós mesmos, pero un espello a fin de contas. Está a nosa disposición para que lle deamos fondo e feitura, con todo o que isto pode ter de positivo e tamén de negativo. Poñer sobre aviso aos usuarios da Rede máis susceptibles de non caer na conta desta multiplicidade de intencións que abrangue a Internet foi un dos obxectivos da xornada que o CPEIG (Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia) organizou o xoves 3 de decembro en Santiago. O encontro, celebrado na Casa das Asociacións Veciñais de Cornes, xirou arredor dos distintos perigos e riscos que o emprego das redes sociais poden representar para os adolescentes e os nenos. A xornada (que se desenvolveu baixo o epígrafe *Redes sociais, Facebook, Tuenti... A cara oculta d@s amig@s d@s meus fill@s*) contou coa presen-

za de diversos especialistas na Rede participativa para informar en detalle do que poden facer as nais e os pais que se dean cita no evento á hora de protexer dixitalmente aos seus fillos. A mesa redonda estivo organizada pola Coordinadora de Traballo en Rede do Barrio de Conxo-Milladoiro e contou coa colaboración do CPEIG.

Como presentadora da mesa redonda actuou a concelleira de Mocidade, Economía e Facenda do Concello de Ames, Patricia Conde Lois, e como coordinadora do acto interveu María Dolores Alvaríño Alejandro, orientadora do IES Eduardo Pondal de Santiago.

Por parte do CPEIG participou o seu presidente, Fernando Suárez Lorenzo.

Acompañárono na mesa a directora da UMAD do Concello de Santiago, Pilar Bermejo González, e o tenente coronel da Garda Civil e xefe da Sección

de Operacións 15ª Zona Galicia, Eduardo Martínez Viqueira.

A clausura da mesa redonda correu a cargo de Mar Martín García, concelleira delegada de Benestar Social e Muller do Concello de Santiago.

A xornada afondou en cuestións como a orixe e alcance actual das redes sociais, a súa repercusión na mocidade e a adición ás mesmas. Para o Colexio, trátase dunha mostra máis do seu compromiso a prol dun uso axeitado das ferramentas da información, imprescindibles para a nosa formación pero (ao mesmo tempo) susceptibles de poñer nos ao alcance de certos riscos. Nesta liña insírese a colaboración do CPEIG con diferentes administracións e organizacións de toda Galicia *"na posta en marcha de foros de debate sobre as ameazas que xorden dende as redes sociais para a mocidade e a nenez"*.



“A interacción de tabaco e radon multiplica o risco de cancro entre 25 e 46 veces”


XOÁN MIGUEL BARROS

► Falamos de métodos para pórle freo ao gas radon nos nosos fogares con Xoán Miguel Barros Dios, profesor de Saúde Pública da USC



▲ Barros Dios presentou o curso de verán sobre o radon

Mapas de Radón de Galicia (Comarcas)



▲ Mapa da concentración de radon en Galicia, por zonas

O gas radon é sen lugar a dúbidas unha das grandes ameazas invisibles dos fogares galegos. Prodúcese por causas naturais, pero o noso solo, granítico principalmente, favorece a súa acumulación. Por se isto fose pouco, non semella que se estea a facer moito por acadar un tipo de construción que impida a entrada do gas no eido dos fogares. Segundo nos comenta Xoán Miguel Barros Dios, profesor de Saúde Pública da Universidade de Santiago, o xeito primario de reducir a chegada do radon é con normas específicas de construción que xa deberan estar vixentes. Mentres este punto non chega, cómpre facer fronte común arredor do problema e informar polo miúdo das súas fatais consecuencias. E, xa a un nivel máis concreto, ir deixando de lado a práctica de fumar naqueles fogares xa afectados por concentracións importantes de gas. A xuízo de Barros, a interacción de tabaco e radon multiplica o risco de aparición do cancro entre 25 e 46 veces.

-Indo ao miolo do asunto, que recomendación lle daría vostede aos nosos lectores para conseguir poñerlle freo á acumulación do gas radon nos seus fogares? Hai normas básicas a seguir para coidar a nosa saúde? Estarían accesibles na Internet para consualas cando fose preciso?

-O radon é un gas que se produce de xeito natural e que a través da soleira dos edificios chega ao interior dos mesmos, onde se amorea, e ao ser respirado pode producir cancro pulmonar como consecuencia das partículas radioactivas alfa que se desprenden da súa degradación e conversión noutros elementos químicos -os descendentes de vida media curta- que tamén emiten radiación. O xeito primario de reducir esa entrada do gas é con normas específicas de construción que xa deberan estar incorporadas ao Código Técnico de Edificación que -porén- non as incluíu. E isto malia que o consello de seguridade Nuclear e máis a Fundación Eduardo Torroja para a Construción (entidade asesora do Ministerio de Fomento) tenas proposto hai máis de sete anos, máis ou menos. En canto ás normas para a nosa saúde, a primeira e máis clara: non fumar, e sobre todo si se ten moito radon na casa. A interacción de tabaco e radon multiplica o risco de aparición do cancro entre 25 e 46 veces, segundo diferentes estudos.

Na páxina web do noso Laboratorio (www.usc.es/radongal) existen documentos que recollen múltiples informacións sobre ámbolos dous temas: medidas construtivas fronte ao radon (ver O radon en Galicia: Curso de verán 2008- Relatorio nº9).

-No seu caso persoal, puxo vostede algún recurso en xogo para reducir a presenza do radon?

-Non tiven necesidade: teño medido tres pezas da miña casa (an-

tiga, de pedra, rehabilitada) e sei que teño de máximo 100 becquerels, xusto ao novo nivel recomendado pola OMS. Porén, a ventilación dun fogar diariamente –que no caso de existir moito radon non serve para moito– contribúe sempre a reducir as concentracións. Cómpre tamén selar todas as fendas do chan, encintar ben as baldosas, etc, que podan estar deterioradas.

-Pensa vostede que é preciso informar deste novo perigo que sumar á xa longa listaxe de perigos, ambientais, industriais ou naturais, que nos rodean? Estaría xustificado crear alarma social neste caso?

-A peor alarma social é a ignorancia e o descoñecemento. Se de aquí a cinco anos todos os cidadáns de Galiza souberan do problema estaríamos actuando como a maioría dos países que contan con programas de redución de radon. Non se mercaría nin vendería unha casa sen un certificado que garantise os niveis de radon existentes nela. E non por obriga legal, senón por esixencia do sacrosanto mercado. Iso é o que pasa nos estados Unidos. Claro que para iso as administracións e os sectores implicados (construtores, arquitectos, promotores, etc) terán que deixar de ollar cara a outro lado, porque, se me permite a pedantería, levamos falando deste en Galiza 17 anos, dende o ano 1992, e máis insistentemente dende as nosas primeiras publicacións sobre o tema, hai sete anos.

-Sabemos que a principal causa de que Galiza estea entre os lugares onde máis risco hai de amoreamento de radon é polas condicións do seu solo, moi granítico e, polo tanto, rico en uranio. Porén, hai algunha outra causa relacionada con isto (humana, industrial) ou se podería dicir que as razóns son puramente naturais?

-Sobre todo naturais. Os solos graníticos por pouco uranio que conteñan acaban producindo radio que é o pai, o máis próximo antecesor do radon. Cecais por iso, por ser natural, ten pasado sen “armar follón” como outras actividades orixinadas polo home, incluídas as de tipo radioactivo. E resulta que tan só a radiación alfa do radon e descendentes, supón o 50% de toda a exposición radioactiva dun habitante do planeta, que non teña unha ocupación de risco –como poden ser pilotos ou azafatas de liñas aéreas ou traballadores



▲ Barros perante o mapa de concentración do radon

de industrias do sector nuclear. Calquera de nós está sometido a radiación alfa procedente do subsolo e esa exposición equivale ao 50% do total, sempre máis, alí onde os solos son máis ricos no gas.

-Nos traballos feitos polo equipo que vostede dirixe (o grupo de Saúde Pública da Universidade de Santiago) sinalase que a exposición ao radon é xa na nosa terra a segunda causa de morte por cancro de pulmón. Dentro do eido galego, poderíase dicir que hai zonas especialmente afectadas por isto ou estamos todos expostos por igual?

-Que o radon é a segunda causa de cancro pulmonar non só é en Galiza, senón un achado internacional. É ademais a primeira causa dese cancro en non fumadores. En Galiza, e seguindo tanto os mapas do CSN como os nosos que serán axiña completados e poden consultarse na nosa web, existen zonas de maior exhalación de radon ca outras. Abonda con ollar os gráficos e sobre todo, observar como nas táboas de comarcas e concellos a porcentaxe de casas medidas con máis dos 200 becquerels varía moito de unhas zonas a outras. Por sintetizar: unha zona é de alto risco de radon cando o 10% ou máis das casas superan ese nivel dos 200. Polo tanto, existen comarcas que xa se poden catalogar con esa etiqueta porque a proporción de casas –entre parénteses– superan o 10%: Barbanza (12,1), A Barcala (28,2), Bergantiños (24,6), Santiago (21,7), O Sar (36,7), Xallas (23,5), na Coruña; A Mariña Occidental (20) en Lugo e A Baixa Limia (18,2) e Ourense (14) en Ourense; e Caldas (12,8), O Condado (40), O Morrazo (21,4), Pontevedra (17), O Salnés

(19) e Vigo (30,3) na provincia de Pontevedra. Todo isto faltando completar concellos onde o número de domicilios farán máis fiable os resultados.

-Considera vostede que para atallar o problema sería preciso máis axuda e compromiso por parte das administracións públicas e, tamén, por parte das empresas do sector da construción para poñer en xogo materiais e xeitos de traballar que non agraven a situación? A quen máis habería que convocar?

-Tal como deixo dito antes, as administracións con competencias en urbanismo, vivenda planificación do territorio deben tomarse en serio o problema. É un problema de saúde pública, se ben a solución non é sanitaria, senón técnica e sinxela e barata. Simplemente abonda con introducir unhas medidas na construción ou remedios nas casas construídas que eviten a entrada do gas, no primeiro caso, e boten fora o gas no segundo caso.

Existen e están probadas múltiples desas medidas: materiais impermeables ao gas (tanto proxeitados en forma de espuma ou de líquido, como membranas (no que toca a medios pasivos) ou sistemas de extracción mediante tubos que extraen pola forza o ar e o radon do interior de sotos, garaxes ou subsolos accesibles.

-Nos estudos do seu equipo achéganse datos moi inquietantes. Por exemplo: dase a entender que case non hai familia galega que non estea exposta a estas emisións. De feito, inclúese nos datos, calcúlase que estarían en situación de risco (expostas a máis de 200 becquerels, unidade para medir actividade radioactiva) arredor de 334.000 persoas.

A cifra subiría se atendemos á recomendación da Organización Mundial da Saúde para baixar a dita cifra aos 100 becquerels como límite de presenza máxima. A nosa pregunta é: como é que aínda non se está a facer nada por poñerlle freo a estas cifras? Percibe vostede algún cambio na actitude das administracións con competencia neste eido e das empresas do sector? Ou é que simplemente a cidadanía, por descoñecemento, non demanda estes cambios?

-Parcialmente teño respondido xa a isto. O cálculo non deixa de ser unha estimación, mais se vostede aplica ás porcentaxes por comarcas que antes vimos un número medio de 3 persoas por domicilio, o resultado debe ir máis ou menos cara a ese resultado que menciona, se está recollido do que eu teño feito en anteriores ocasións. A transcendencia do asunto seguiría sendo a mesma aínda con menos xente en risco. Porque se trata dun risco ambiental, natural e que pode reducirse sen grandes complicacións. Só a vontade do sector e das administracións e, o no que eu máis confío, a decisión firme dos cidadáns de esixir, chegado o tempo, dentro dunha “*casa de calidade*” pola que se van pagar unha millonada, que un máis dos criterios de calidade sexa a ausencia ou mínima presenza do radon nese domicilio. Non se trata de prohibir construír en solos ricos en radon, senón de evitar a súa entrada e iso é posíbel hoxe en día, como amosa a experiencia internacional. O último documento da OMS ten un capítulo dedicado a este tema. E, por certo, nos intres de crise do sector da vivenda, moitas das pequenas empresas podían ir pensando que a redución de radon nas casas xa feitas e a impermeabilización das futuras, debería ser un eido para aplicarse en serio ao tema. Cada certo tempo, ademais de medir as casa porque a xente nolo pide a través do correo laboratorioradon.galicia@usc.es, temos que facer de asesores neste tema de cómo reducir un nivel alto de radon. E nós non somos nin arquitectos nin construtores. Só podemos aconsellar o pouco que controlamos con exemplos reais que deron bos resultados. Mais estamos a agardar por esas empresas, mais ben pequenas, que poderían especializarse neste eido. En América hai centenaes delas en cada estado.



Unha terra en flashes

Granxafamiliar.com pon en marcha un museo virtual de rutas polo noso rural

Fernando Sarasqueta

O noso rural agarda polas TIC coma agarda, tamén, polas mellores condicións posibles de tempo para obter os mellores resultados de colleita. Dito doutro xeito: as redes e as actividades agrogandeiras nunca foron incompatibles, máis ben o contrario. Se houbo falta de entendemento, foi porque alguén ou algo (institucións públicas, empresas e entidades de todo tipo) non fixo ben os deberes. Para quen aínda teña dúbidas sobre isto, cómpre que dirixa a ollada cara a experiencias como Granxafamiliar.com, web posta en marcha polo Gru-

po de Investigación Gist-Idega da USC e máis a Asociación para o Desenvolvemento da Agricultura Familiar (ADAF) co obxectivo de asegurar e potenciar a presenza nos mercados globais de elementos tan locais como as nosas explotacións agrarias familiares e os seus produtos.

Pois ben, segundo fan saber os responsables da iniciativa logo de varios anos de vida do proxecto, Granxafamiliar (que abrangue as actividades produtivas de familias de Brión, Lalín, Antas do Ulla, Abadín, As Neves, Coristanco, Folgoso do Courel,

Ponteceseo ou Chantada, entre outros concellos) vén de subir un novo e importante chanzo co desenvolvemento do Museo Virtual de Rutas Etnográficas de Galicia.

A proposta, que se aloxará na web www.galiciaautentica.org recollerá en formato multimedia aqueles aspectos da cultura, paisaxe, estilos de vida, costumes e tradicións, gastronomía, arqueoloxía ou patrimonio que permiten obter unha auténtica visión "alternativa" da xeografía cultural da nosa terra.

Segundo contan os coordinadores de ámbolos dous proxectos (a web e máis a mostra permanente), o xermolo do Museo xa hai tempo que vai collendo corpo. De feito, un equipo de técnicos está a percorrer arestora

as diferentes bisbarras galegas rexistrando en diferentes formatos (vídeo, imaxe e son) pequenos anacos "a xeito de flashes" da vida cotiá que os habitantes do noso rural desenvolven nos seus espazos domésticos e de traballo.

Este arquivo multimedia dixital, engade o grupo da USC, está sendo xeo-referenciado a partir de Google Maps e divulgado en redes sociais con canles propias en Youtube e Facebook. "Deste xeito", informan, "preséntase unha Galicia auténtica, descoñecida, con todos os aspectos positivos e negativos que nos caracterizan como pobo orixinal e diferente no contexto español e europeo". A definición e minuciosidade dos formatos e dos contidos tamén é aplicable aos obxectivos, delimitados e firmes mesmo antes de que se dea a coñecer o MusWeo de xeito masivo: chamar a atención sobre a identidade de Galiza, fomentar a reflexión interna na sociedade galega e incentivar a participación dos "outros" á hora de dirixir a ollada cara ao que lle ofrecemos o mundo. A maiores, dicir que nada do devandito vai estar rifado co desenvolvemento local dos nosos espazos non urbanos: haberá marketing territorial en liña, promoción socioeconómica do noso e unha serie de boas oportunidades para distribuír imaxe, marca diferenciada, produtos e máis servizos. En palabras de Carlos Ferrás, membro do equipo responsable destes proxectos, afianzaranse as nosas posibilidades de competir no mercado internacional do lecer, do turismo activo e dos produtos agrarios naturais e ecolóxicos.





MEDAL OF HONOR



Rexurdirá nun xogo da guerra de Afganistán

Marcus Fernández



O 12 de decembro fíxose entrega dos *Video Game Awards 2009* nun programa de televisión no que tamén pre-

sentaron en primicia mundial un adianto do novo xogo de *Medal of Honor*, que finalmente abandona a Segunda Guerra Mundial, seguindo os pasos dos *Modern Warfare* da franquía

Call of Duty, e ambientaríase en Afganistán, encarnando a un soldado de elite que desenvolverá misións que ninguén outro podería realizar.

O xogo sairá en 2010 para

PC, PlayStation 3 e Xbox 360, e pretendería rescatar a saga do esquecemento no que caeu nas súas últimas versións, quedando eclipsado por outros títulos de acción en primeira persoa.

MODERN WARFARE 2



Modern Warfare 2 recada 550 millóns de dólares en 5 días



A última entrega da saga de *Call of Duty*, coñecida como *Modern Warfare 2*, está a confirmar a súa boa aceptación por parte do público, de xeito que en España tería vendido na súa primeira semana 123.000 copias, converténdose no título con mellores vendas rexistradas ata o momento nos primeiros días no mercado, superando ás entregas de FIFA ou do GTA, o que aínda resulta máis impresionan-

te a nivel mundial, confirmando Activision que conseguiu unhas vendas globais de 550 millóns de dólares nos seus 5 primeiros días á venda, superando os resultados non só doutros videoxogos, senón tamén de libros e películas cinematográficas.

Para situar estes datos en perspectiva dende a distribuidora do xogo lembrar que durante a película Harry Potter y el misterio del príncipe fixo unha

taquilla de 394 millóns de dólares nos seus 5 primeiros días e *Grand Theft Auto IV* vendeu nese tempo 6 millóns de unidades e facturou uns 500 millóns de dólares.

O éxito de *Modern Warfare 2* tamén tivo repercusións en Xbox LIVE, plataforma de xogo en liña que rexistrou a máis de 5,2 millóns de usuarios no modo multixogador o día do lanzamento do xogo.




O NADAL MÁIS MUSICAL



Os xogos de karaoke causan furor nos nosos fogares

Marcus Fernández



Os xogos de karaoke levan un certo tempo nos fogares españois grazas ao éxito da franquía SingStar, pero as guitarras eléctricas e as baterías que no Xapón puxéranse de moda hai máis de 10 anos conseguiron por fin superar a resistencia do público occidental grazas aos xogos de *Guitar Hero* e *Rock Band*, que converteron os salóns dos nosos domicilios en auténticas festas, aínda que polo momento só os afeccionados ao rock e o metal eran os que gozaban destes títulos, o que dende compañías coma Activision decidiron mudar, e lanzaron a primeira entrega de *Band Hero*, versión do *Guitar Hero 5*, que permite o uso de micrófono, guitarra, baixo e batería en PS3, PS2, Xbox 360 e Wii (tamén existe unha versión reducida para Nintendo DS) fuxindo dun repertorio musical forte, e optando por un catálogo musical para a toda a familia con temas de Taylor Swift, No Doubt, David Bowie, Culture Club, Du-

ran Duran, Jackson 5, Spice Girls ou Village People, de xeito que a diversión do xogo en grupo toma máis peso que a nas anteriores entregas de *Guitar Hero*, abríndose a un público moito máis amplo, aínda que coa eiva de contar con poucos temas en español.

Este último detalle si o teñen en conta dende xogos menos completos, os simples karaokes, que este ano chegaron en vaga, con opcións para todas as plataformas domésticas, de xeito que os usuarios de consolas de Sony poden adquirir os novos *SingStar Mecano*, *SingStar Miliki* ou *SingStar Pop 2009*, que están moi pensados para o público local, coma o *Lips Canta en Español*, para a Xbox 360, que posiblemente é o título co mellor catálogo desta tempada (con cancións de Nino Bravo, Tino Casal, Carlos Baute, Coti, Maná, Celtas Cortos, Paulina Rubio, Bebe, Héroes del Silencio, Extremoduro ou Amaral, de xeito que adaptáanse a diferentes gustos persoais).

Queda así constancia de que

SingStar e *Lips* son 2 fortes franquías para este tipo de xogos, pero poderían verse ameazadas polos xogos da Wii, coma o *U-Sing*, que entra con moita forza, non só por elixir a plataforma hardware de moda, senón tamén por facer unha curiosa mestura musical con temas de Mika, Beatriz Luengo, Nena Daconte, The Cure, Lionel Richie, Pitingo ou Duffy.


Queda agora a dúbida se os xogos de karaoke serán quen de manterse no mercado, xa que os xogos tipo *Guitar Hero* tamén poden empregarse só con micrófono, o que os dota de maior versatilidade, coma deixa constancia o feito de que un dos novos referentes do sector, The Beatles

Rock Band, esta dispoñible á venda nun pack con 2 micrófonos para PlayStation 3.

▼ Ana Torroja na presentación de *SingStar Mecano*



Todo funciona con precisión



II Campaña de software legal

La II Campaña de Software Legal es una iniciativa del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio para promover el uso de software legal en España y contribuir así al desarrollo de la Sociedad de la Información.

Las diferentes iniciativas que contempla tienen como objetivo poner en valor el protagonismo del software legal como factor de negocio, en el caso de los distribuidores, y de productividad, en el de los usuarios.

Visite www.todosconsoftwarelegal.es, para más información



www.todosconsoftwarelegal.es



Ineo

**Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías
da Información e a Comunicación**



www.ineo.org

**Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO**